

**ORDENANZA DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN e SEGURIDADE VIARIA
(PROXECTO)**



ÍNDICE

TÍTULO PRELIMINAR.- DO OBXECTO, COMPETENCIAS E ÁMBITO DE APLICACIÓN

TÍTULO PRIMEIRO.- NORMAS XERAIS, SEGURIDADE VIARIA, REGULACIÓN E CONTROL

CAPÍTULO I. Obrigas xerais

CAPÍTULO II. Seguridade viaria

CAPÍTULO III. Regulación. Vixilancia persoal e automatizada

TÍTULO SEGUNDO.- DOS USUARIOS SINGULARES

CAPÍTULO I.- Os peóns

CAPÍTULO II.- Bicicletas e outros ciclos

CAPÍTULO III.- Vehículos de mobilidade persoal

CAPÍTULO IV.- Vehículos pesados

CAPÍTULO V.- Persoas con mobilidade reducida

CAPÍTULO VI.- Dos animais

TÍTULO TERCEIRO.- DAS ZONAS PEONÍS E A SÚA ACCESIBILIDADE

CAPÍTULO I.- Zonas de prioridade peonil

CAPÍTULO II.- Zonas de espazo compartido e outras zonas

TÍTULO CUARTO.- DA CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS

CAPÍTULO I.- Da carga e descarga de mercadorías

TÍTULO QUINTO.- DAS PARADAS E ESTACIONAMENTOS

CAPÍTULO I.- Do estacionamento regulado con horario limitado

CAPÍTULO II.- Dos estacionamentos destinados a residentes

CAPÍTULO III.- Dos estacionamentos de vehículos con persoas en período de xestación ou durante o primeiro ano de xactancia.

CAPÍTULO IV.- Das autorizacións municipais de estacionamento

CAPÍTULO V.- Disposicións comúns

TÍTULO SEXTO.- ORDENACIÓNS TEMPORAIS, PROVISIONAIS OU PERMANENTES

CAPÍTULO I.- Ocupación das vías con vehículos

CAPÍTULO II.- Outras medidas específicas de ordenación do tráfico de carácter temporal

CAPÍTULO III.- Sinalización das ocupacións

CAPÍTULO IV.- Reservas

Sección 1ª.- Reservas de carácter dotacional

Sección 2ª.- Reservas de carácter non dotacional

TÍTULO SETIMO.- DO RÉXIME SANCIONADOR, DAS MEDIDAS PROVISIONAIS E DO TRATAMENTO RESIDUAL

CAPÍTULO I.- Réxime sancionador

CAPÍTULO II.- Outras medidas

CAPÍTULO III.- Medidas provisionais

DISPOSICIONS ADICIONAIS

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

DISPOSICIÓN FINAL

ANEXO I – RÚAS PEONÍS

ANEXO II – ZONA AZUL

ANEXO III – ZONA DE PARKING EXPRESS

ANEXO IV – DOS RESIDENTES E AS SÚAS ZONAS PARA ESTACIONAR

ANEXO V – DAS RÚAS RESIDENCIAIS

ANEXO VI – DAS AUTORIZACIÓN S MUNICIPALIS

ANEXO VII – DAS TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA E AS ZONAS DE ACTIVIDADE

ANEXO VIII – DAS TARXETAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS CON PERSOAS EN PERÍODO DE XESTACIÓN OU DURANTE O PRIMEIRO ANO DE XACTANCIA.

ANEXO IX – DAS COMUNICACIÓN S PREVIAS

ANEXO X – DOS VMP DESTINADOS PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES TURÍSTICAS, DE LECER, DE USO COMPARTIDO E DE REPARTICIÓN DE MERCADORÍAS

TÍTULO PRELIMINAR

DO OBXECTO, COMPETENCIAS E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. - Obxecto

1. De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 7 do Texto Refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado por Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, dítase a presente ordenanza.

2. Constitúe o obxecto da presente ordenanza regular os usos das vías, compatibilizando a necesaria fluidez do tráfico co uso peonil das rúas e en concreto, establecer medidas de estacionamento de duración limitada, para garantir a rotación dos aparcamentos e prestar especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade e mobilidade reducida, co fin de favorecer a súa integración social.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

Os preceptos desta ordenanza serán aplicables en todo o termo municipal do Concello de Ferrol, nas vías urbanas e nas interurbanas cuxa competencia fose cedida a este Concello. En xeral a todas as vías obxecto de aplicación do disposto na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Artigo 3.- Normativa aplicable

1. O contido da presente Ordenanza formúlase no marco da normativa legal e regulamentaria, estatal e/ou autonómica, vixente en cada momento en materia de:

a) tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, actualmente o Texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado mediante Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro e a súa normativa de desenvolvemento.

b) réxime local, actualmente a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local e o Texto refundido das disposicións legais en materia de réxime local aprobado mediante Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril;

- c) protección da saúde e do medio ambiente, actualmente a Lei 34/2007, do 15 de novembro, da calidade do aire e protección da atmosfera; a Directiva 2008/50/CE do 21 de maio de 2008, relativa á calidade do aire e a unha atmosfera mais limpa en Europa e no Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire;
- d) seguridade cidadá, actualmente a lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de Protección da seguridade cidadá;
- e) dereitos das persoas con discapacidade, actualmente o Texto refundido da Lei xeneral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social aprobado mediante Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, la Lei 8/1993, de 22 de xuño, de Promoción da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, o Real decreto 1056/2014, do 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso de la tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade e o Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia, así como o Decreto 35/2000, do 208 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia;
- f) patrimonio das administracións públicas, actualmente a Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das administracións públicas;
- g) protección dos usuarios de servizos, actualmente o texto refundido da Lei xeneral para a defensa dos consumidores e usuarios, aprobado mediante Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro e outras leis complementarias, así coma a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

2. Así mesmo, rexeranse polo disposto nas correspondentes ordenanzas fiscais e de prezos públicos todas aquelas cuestións que se susciten en relación cos tributos e exaccións que houberen de satisfacerse como consecuencia do réxime de usos das vías e espazos urbanos que se regulan nesta ordenanza.

Artigo 4.- Solicitudes e documentación.

Para todos os procedementos definidos nesta ordenanza, a presentación de solicitudes ou documentación asociada a estas ante o Concello realizarase obrigatoriamente de modo electrónico para persoas xurídicas e outras recollidas no apartado 2 do artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 5.- Competencias municipais

O Concello exercerá as competencias que lle son, ou sexan, encomendadas na lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria. Actualmente recollidas no artigo 7 do tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, actualmente o Texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado mediante Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro (en diante TRLSV) e normas de desenvolvemento a través do Negociado de Seguridade e Tráfico.

Artigo 6.- Funcións do Negociado de Seguridade e Tráfico e da Policía local.

1. O Negociado de Seguridade e Tráfico é o órgano competente por razón de materia en todo o reflectido nesta ordenanza, encargado da concepción, planificación, deseño, formulación e supervisión técnica dos usos e das distribucións dos espazos obxecto desta ordenanza, previo informe dos técnicos competentes.

2. En aplicación das funcións do Negociado de Seguridade e Tráfico competente no ámbito desta ordenanza correspóndelle á Policía Local a vixilancia e disciplina do seu cumprimento e demais disposicións normativas aplicables.

TÍTULO PRIMEIRO

NORMAS XERAIS, SEGURIDADE VIARIA, REGULACIÓN E CONTROL

CAPÍTULO I. Obrigas xerais

Artigo 7. Convivencia nas vías e espazos públicos.

As persoas usuarias das vías e espazos públicos deberán respectar a convivencia co resto e velar pola súa seguridade, con especial consideración cara ao peón ou na súa falta a quen empregue o vehículo que ofrezca menos protección aos seus ocupantes, así coma cara ao transporte público.

Artigo 8. Responsabilidade por incumprimento.

A responsabilidade polas infraccións cometidas contra o disposto na presente ordenanza determinarase conforme á lexislación en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e

seguridade viaria, seguridade cidadá, protección do medio ambiente, transporte, patrimonio das administracións públicas e do resto de lexislación que en cada suposto resulte de aplicación.

Artigo 9. Responsabilidade por danos.

1. As persoas usuarias das vías públicas e de espazos públicos e de calquera tipo de vehículo serán responsables polos danos que lles ocasionen aos sinais reguladores da circulación, ao mobiliario urbano e a calquera outro elemento da vía ou espazo público e a calquera ben das administracións públicas, ás que indemnizarán sen prexuízo da esixencia doutras responsabilidades en que incorresen e da obriga de poñer en coñecemento de axentes da autoridade os danos causados.
2. As persoas usuarias serán igualmente responsables de danos que ocasionen a outras, aos vehículos e a outros bens de titularidade privada.

CAPÍTULO II. Seguridade viaria

Artigo 10. Plan de seguridade viaria.

Ao obxecto de prever os accidentes, protexer a vida, a saúde e a integridade física das persoas usuarias das vías e espazos públicos, conduzan, sexan peóns ou formen parte da pasaxe, con independencia do tipo de vehículo que utilicen para o transporte, a Xunta de Goberno Local aprobará coa periodicidade plurianual que determine, a proposta do Negociado de Seguridade e Tráfico, o plan municipal de seguridade viaria, que potenciará a prevención e a educación viaria.

Artigo 11. Colectivos especialmente protexidos.

Protexerase especialmente as persoas menores de idade, as de idade avanzada, as persoas dependentes, as persoas con discapacidade e as persoas con mobilidade reducida, e adoptaranse en particular medidas de protección en canto ao deseño viario, á sinalización e o control da disciplina viaria nos espazos e vías que estas empreguen, principalmente ao redor de gardarías, colexios, centros de maiores, hospitais, centros de saúde e outros servizos utilizados especialmente polas mesmas.

Artigo 12. Zonas de concentración de accidentes.

A Policía local analizará os accidentes e elaborará estudos, estatísticas e mapas da sinistralidade urbana destinados a identificar os enclaves de concentración de accidentes, e igualmente propoñerá, as medidas correctoras que resulten oportunas.

Artigo 13. Retirada de obstáculos.

Os servizos municipais competentes en cada caso retirarán da vía pública os obstáculos, obxectos e sinais que, depositados ou instalados sen a autorización correspondente, atópanse nela, imputando os correspondentes custos de tal intervención, de acordo co disposto na ordenanza fiscal correspondente, a quen fose causante.

CAPÍTULO III. Regulación. Vixilancia persoal e automatizada

Artigo 14. Medios automatizados de xestión da circulación.

O Concello empregará medios tecnolóxicos tanto para solicitar información en tempo real do tránsito peonil e a circulación de todo tipo de vehículos como para xestionar a mobilidade urbana de forma mais segura, eficiente, sostible e intelixente.

Artigo 15. Vixilancia da circulación e o estacionamento.

1. Corresponderá aos axentes da Policía local o cumprimento da normativa sectorial legal e regulamentaria vixente e da sinalización viaria, regular o tráfico mediante as súas indicacións e sinais e deberán formular as denuncias que procedan polas infraccións que se cometan contra o disposto na presente ordenanza, a Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e demais normativa complementaria, conforme ás disposicións que diten os órganos e as autoridades con competencias en materia de tráfico.

2. Por razóns de seguridade cidadá, cando se produzan situacións de emerxencia ou circunstancias especiais que así o requiran, a Policía local poderá, para garantir a seguridade das persoas, modificar eventualmente a ordenación existente naqueles lugares onde se produzan grandes concentracións de persoas ou vehículos, instalar, substituír, ou retirar provisionalmente os sinais que foren necesarios, así coma adoptar as oportunas medidas preventivas, incluída a retirada de vehículos, aínda cando se atopasen debidamente estacionados.

Artigo 16. Medios técnicos de vixilancia da circulación e o estacionamento.

1. O Concello poderá empregar medios técnicos para a vixilancia automatizada da circulación e o estacionamento, así coma para a denuncia automatizada das infraccións que se cometan utilizando, entre outros, os seguintes medios:

1. Radar: cinemómetro metrolóxicamente calibrado destinado á captación gráfica das infraccións aos límites da velocidade, que se instala en puntos fixos ou elementos móbiles como instrumento de seguridade viaria para reducir a sinistralidade.

2. Cámaras dotadas de lector OCR: medio automatizado de captación gráfica ou ideográfica dos vehículos e as súas matrículas e distintivos destinado ao control do cumprimento da normativa en materia de:

a) seguridade viaria e uso dos dispositivos de seguridade esixidos (cintos, cascos, SRI, etc.)

b) inspección técnica de vehículos, aseguramento obrigatorio, abono corrente de impostos (Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, IVTM) e taxas;

c) estacionamento: control das zonas de estacionamento regulado,

d) circulación e estacionamento nas zonas peonís, nas zonas reservadas para a parada o estacionamento ou circulación doutros usuarios, reservas para persoas con mobilidade reducida, carga e descarga, entre outras.

e) seguridade cidadá, localización de vehículos subtraídos, etc.

3. Foto-vermello: medio de captación gráfica ou videográfica destinado a asegurar o respecto das prioridades de paso dos semáforos, evitar atropelos e colisións de vehículos.

4. Aforadores: medio técnico para o control automatizado de control do volume do tráfico, da velocidade, da validez da autorización e da duración do estacionamento e/ou das ocupacións.

2. As imaxes, e no seu caso vídeos, captados por estes medios empregaranse como medio probatorio na denuncia, automatizada ou persoal, das infraccións.

TÍTULO SEGUNDO

DOS USUARIOS SINGULARES

CAPÍTULO I.- Os peóns

Artigo 17.- Normas xerais

Sen prexuízo do disposto na lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, terán a consideración de peóns:

- a) As persoas con mobilidade reducida que circulen en cadeiras de rodas ou dispositivos análogos, pero que non estean clasificados como vehículos de mobilidade persoal, axustando a súa marcha á dos peóns e en todo caso nunca a unha velocidade superior a os 5 km/h.
- b) Aqueles que transiten a pe arrastrando unha vehículo que non teña a consideración de vehículo de motor.

Artigo 18.- Condicións xerais de circulación

Prohíbese aos peóns:

1. Deterse nas beirarrúas formando grupos que impidan a circulación do resto de peóns.
2. Cruzar a calzada por puntos distintos dos autorizados, excepto en rúas residenciais e zonas 20.
3. Correr, saltar ou circular de forma molesta.
4. Esperar aos autobuses e demais vehículos de servizo público fora dos refuxios ou beirarrúas ou invadir a calzada para solicitar a súa parada.
5. Subir ou descender dos vehículos en marcha.
6. Realizar actividades non autorizadas na vía pública ou espazos exteriores que ocasionen ou puideran ocasionar perturbacións, molestias, perigo ou prexuízo aos usuarios de vehículos ou obstaculizar a circulación. Encaixan neste apartado as actividades tales como: "limpaparabrisas" , reparto de publicidade e calquera outra de semellantes características ou de venda ambulante realizada aproveitando as detencións ou retencións orixinadas polos sinais reguladores do tráfico, semáforos ou outras situacións, ou as realizadas en accesos a espazos exteriores empregados coma aparcamentos que afecten á normal circulación de vehículos.
7. Realizar actividades coñecidas como "Gardacoches" nas vías ou terreos empregados ocasionalmente como estacionamentos en superficie, obxecto desta ordenanza, consistentes en dar consignas, ofrecementos de vixilancia ou custodia de vehículos aos condutores con motivo do seu estacionamento.
8. Transitar polas vías destinadas a outros usuarios, agás que non conte o peón cun espazo destinado para el.
9. Lavar ou reparar vehículos nas vías obxecto desta ordenanza.

CAPÍTULO II.- Bicicletas e outros ciclos

Artigo 19.- Normas xerais

O obxecto do presente capítulo é regular as normas relativas á circulación e estacionamento das bicicletas nas vías e espazos públicos de titularidade municipal e privadas de uso público. É igualmente aplicable ao resto de ciclos e bicicletas con pedaleo asistido cuxo motor sexa de 250W ou menor e desconéctese ao deixar de pedalear ou alcanzar o 25 quilómetros por hora.

En todo o non regulado neste capítulo, as bicicletas estarán suxeitas ao disposto nesta ordenanza para o resto de vehículos.

Artigo 20.- Condicións xerais de circulación

1. Quen utilice a bicicleta deberá cumprir as normas de circulación adoptando as medidas necesarias para garantir a convivencia co resto de vehículos e cos peóns en condicións de seguridade viaria.

2. As bicicletas circularán pola calzada, por carrís específicos ou zonas habilitadas para tal fin. De existir carrís específicos para elas o seu uso será obrigatorio.

3. Con carácter xeral e salvo o expresamente indicado nesta ordenanza, prohíbese a circulación de bicicletas polas beirarrúas, rúas e zonas peonís.

Cando o ciclista precise acceder a estas e a cruces de peóns sinalizados, deberá facelo desmontando da bicicleta e transitando con ela en man ata o seu destino ou lugar de estacionamento, actuando para todos os efectos como peón.

4. Con carácter excepcional as persoas menores de 12 anos poderán circular en bicicletas polas beirarrúas, zonas peonís e rúas peonís cando cumpran os seguintes requisitos: que vaian acompañadas por unha persoa adulta a pé; que non excedan en ningún caso os 5 kms/h; que desmonten do vehículo no caso de alta densidade peonil; e que circulen e transiten respectando a prioridade dos peóns, con quen deberán manter unha separación a mínima dun metro, e as condicións de seguridade viaria.

Artigo 21.- Circulación en vías ciclistas e vías acondicionadas

1. A circulación polo carril bici dá prioridade de paso ás bicicletas con respecto aos vehículos de motor, incluíndo cando os vehículos de motor realicen, nas calzadas, manobras de xiro a dereita e esquerda e corten o sentido da marcha da persoa ciclista.

2. En beirarrúas-bici, o ciclista circulará a velocidade moderada non superior a 10 km/h e non poderá empregar o resto da beirarrúa, que queda reservada para o peón. O peón non poderá

transitar sobre a beirarrúa-bici, sen prexuízo do seu utilización por persoas con mobilidade reducida que se despracen en cadeiras de rodas motorizadas, “handbike”, triciclos ou dispositivos similares, salvo para atravesalas para acceder á banda de estacionamento, paradas de transporte público ou calzada.

A separación da beirarrúa-bici da zona reservada para o peón poderase sinalizar cun pavimento tacto visual que preveña do paso inadvertido dunha a outra zona de maneira que contribúa a mellorar os niveis de seguridade peonil.

Os ciclistas que transiten por estas vías deberán facelo con precaución tendo en conta unha posible irrupción de peóns e, moi especialmente, de nenos e nenas, persoas maiores e persoas con discapacidade. Deberán manter unha velocidade moderada e respectar a prioridade de paso dos peóns nos cruces sinalizados.

3. Nas rúas nas que exista unha coexistencia entre bicicletas e peóns (ciclo-rúas) permitirase con carácter xeral a circulación de bicicletas en ambos sentidos de circulación. Con carácter excepcional permitirase a entrada de certos vehículos a motor, o que se deberá indicar mediante a sinalización correspondente.

Esta coexistencia poderá limitarse en determinadas franxas horarias con carácter xeral ou en determinados períodos nos que se prevea unha importante afluencia de peóns nunha zona, o que se regulará mediante a sinalización correspondente.

CAPÍTULO III.- Vehículos de mobilidade persoal (VMP)

Artigo 22.- Concepto

Son vehículos de mobilidade persoal (VMP) aqueles que a normativa estatal lles conceda dita condición en función das súas características técnicas e segundo a clasificación que se contemple naquela normativa.

Artigo 23.- Uso, circulación e do estacionamento de vehículos de mobilidade persoal

1. O uso dos VMP axustarase ás mesmas obrigas de uso que o resto de vehículos aos que fai referencia a lexislación de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria. En particular deberán ser usados con toda a dilixencia e precaución necesarias para evitar todo dano, propio ou alleo, coidando de non poñer en perigo, tanto ao propio condutor coma ao resto dos usuarios da vía. Queda terminantemente prohibido conducirlos de modo negligente ou temerario.

A condución dun VMP requirirá o uso de casco de protección debidamente homologado e prohibirase o uso de calquera tipo de casco de audio ou auricular conectado, de calquera forma, a aparellos reprodutores de son, así coma calquera outro dispositivo que diminúa a atención permanente á condución, entre os que podemos mencionar teléfonos móbiles, etc.

2. En canto á regulación da circulación dos VMP dispónse o seguinte segundo o tipo de vía e o tipo de vehículo:
 - a) Con carácter xeral prohibese a circulación dos VMP por beirarrúas e demais espazos reservados con carácter exclusivo para o tránsito, estancia e espaxemento dos peóns.
 - b) Os VMP poderán circular por ciclo-rúas, carrís-bici, en xeral por todas aquelas destinadas ás bicicletas. Tamén poderán circular pola calzada de rúas integradas dentro das zonas residencial, zonas 20 e zonas 30, respectando a prioridade do peón e dos ciclistas, e polas rúas na que en todos os seus carrís a velocidade máxima de circulación sexa de 30 km/h.
 - c) Prohibese a circulación deste tipo de vehículos polas travesías e autovías, de acordo co disposto no Regulamento xeral de circulación de demais normas concordantes. Nos restantes casos, a circulación de VMP pola calzada quedará supeditada ao que autorice a citada lexislación estatal na materia. En ausencia de regulación estatal quedará prohibida a súa circulación.

Por razóns de seguridade viaria, mediante sinalización específica, poderase restrinxir a súa circulación por determinadas rúas que determine o órgano competente do Concello.

3. En relación co estacionamento dos VMP dispónse o seguinte:
 - a. Poderán estacionar nos espazos habilitados e destinados ao aparcamento de bicicletas, agás os VMP de uso comercial.
 - b. Prohibese o estacionamento de VMP en beirarrúas e zonas peonís, agás zonas específicas para eles
 - c. Non poderán ser amarrados a elementos de mobiliario urbano, árbores ou sinalización de tráfico.
 - d. Non poderán ser estacionados en lugares que obstaculicen ou dificulten o acceso a inmobles ou servizos, en especial o acceso a paradas de transporte público e, en ningún caso, xunto á fachada de edificios ou calquera outro lugar que impida ou dificulte o paso ou utilización do espazo público polos demais usuarios.

- e. Tampouco poderán estacionarse en zonas habilitadas de carga e descarga.

Artigo 24.- Patines e patinetes sen motor

1. Os patíns e patinetes sen motor, monopatíns ou aparellos semellantes sen propulsión motorizada poderán transitar:

- a) Polas beirarrúas e demais zonas peonís a unha velocidade adaptada ao paso de persoa que non exceda o 5 km/h, evitando en todo momento causar molestias ou xerar perigo. En ningún caso terán prioridade respecto dos peóns.
- b) Por todas aquelas vías exclusivas para a circulación de bicicletas.
- c) Por carrís-bici non protexidos unicamente poderán circular patinadores maiores de 16 anos ou menores acompañados.

CAPÍTULO IV.- Vehículos pesados

Artigo 25.- Restrición de circulación

Por razóns de seguridade, mediante sinalización específica, poderase restrinxir a circulación de vehículos que superen unha masa máxima concreta en determinadas rúas, barrios ou zonas. Se algún vehículo precisa acceder a unha zona limitada deberá proceder de acordo co disposto nesta ordenanza.

Artigo 26.- Restrición de estacionamento

Prohíbese o estacionamento de vehículos con masa máxima autorizada superior a 3,5 toneladas e de autobuses cunha lonxitude superior a 7 metros naquelas rúas cunha calzada igual o inferior a 9 metros. Agás durante o tempo estritamente necesario para desenvolver os traballos de carga e descarga ou subida e baixada de viaxeiros se estivese autorizado.

Artigo 27.- Excepcións

Non estarán sometidos ás restricións xerais de circulación, carga e descarga, os seguintes tipos de vehículos e as actividades que se indican de seguido

- 1. Os vehículos que presten servizos municipais de seguridade, saúde e emerxencias, poda, guindastre municipal, servizo de arrendamento público de bicicletas de titularidade municipal, limpeza e recollida de residuos, control da edificación e outros servizos municipais que haxan de atender necesidades na vía pública e que se atopen debidamente

rotulados. Así mesmo, aqueles que prestando servizos municipais mediante xestión indirecta, procedan de acordo co disposto no artigo seguinte.

2. Os vehículos de mudanzas que contén con autorización municipal para o desempeño da súa actividade.

3. Os vehículos de transporte de combustible a estacións de servizo e gasóleos de calefacción para uso doméstico, de acordo co disposto no artigo seguinte.

4. Os vehículos dedicados ao transporte de contedores, pero tendo en conta a limitación horaria establecida nesta ordenanza.

5. Os vehículos destinados ao rescate de vehículos accidentados ou avariados na vía pública.

Artigo 28.- Solicitud de acceso

Para poder acceder a unha zona limitada en masa máxima autorizada cun vehículo que exceda do permitido deberase presentar electronicamente ante o Concello, no formato e a través do sistema que se estableza, comunicación previa na que se faga constar:

- Xustificación da necesidade de acceder a unha rúa limitada.
- Marca, modelo e matrícula do vehículo co que se pretende acceder, así coma a súa MMA e dimensións.
- Identificación da rúa á que pretende acceder, así como do percorrido de acceso que propón.
- Declaración responsable de que non pode realizar a tarefa cun vehículo de menores características.

A solicitude de acceso deberá presentarse cunha antelación mínima de 10 días, agás excepcións debidamente motivadas.

Artigo 29.- Procedemento

1. A solicitude de acceso a unha vía con limitación de masa máxima, o procedemento iníciarase coa presentación ante o Concello, no formato e a través do sistema que se estableza, da correspondente comunicación previa, acompañada da documentación indicada no artigo anterior.

2. Os servizos municipais examinarán a solicitude e a documentación achegada e, no seu caso, requiriran ao interesado para que nun prazo de cinco días emende a falta ou achegue a documentación preceptiva, indicando de que se así non o fixese se lle terá por desistido da súa

petición, trala resolución previa que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2005, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Unha vez completada a documentación, solicitaranse, de se-lo caso, os informes dos técnicos que correspondan, en base aos cales poderáselle solicitar ao interesado o depósito dunha fianza previa, coa contía que se determine, co obxecto de garantir os danos que ás vías pode causar.

4. A solicitude de acceso con vehículos que excedan das masas máximas permitidas para a execución de obras de reformas, rehabilitación ou nova planta, realizarase con carácter xeral, dentro da solicitude de licenza de obras, orde de execución ou acto administrativo que as autorice.

CAPÍTULO V.- Persoas con mobilidade reducida

Artigo 30.- Tarxeta de estacionamento

A tarxeta de estacionamento de vehículos a motor para persoas con discapacidade que teñen mobilidade reducida, en diante a tarxeta de estacionamento, é un documento público que acredita o dereito das persoas que compren os requisitos establecidos na normativa estatal ou autonómica, a estacionar vehículos a motor en que se movan, o máis preto posible do lugar de acceso ou destino.

O procedemento para a súa expedición, así coma a súa vixencia, axustarase ao disposto na normativa autonómica e estatal que lle é de aplicación.

Artigo 31.- Titulares do dereito a obter a tarxeta de estacionamento

1. Aquelas persoas que sexan recoñecidas oficialmente como persoas con discapacidade poderán obter a tarxeta de estacionamento, de conformidade co disposto no artigo 4.2 do texto refundido da Lei xeral sobre dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social. aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, así coma a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia, e atópanse nalgunha das seguintes situacións:

- a) Os que presenten mobilidade reducida, de acordo co anexo II do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, do procedemento de recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, rexido polos equipos de cualificación e recoñecemento multiprofesionais do grao de discapacidade.

b) Aqueles que mostran no mellor ollo unha agudeza visual igual ou inferior a 0,1 con corrección, ou un campo visual reducido a 10 graos ou menos, gobernados polos equipos multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade.

2. A tarxeta de estacionamento tamén a poderán obter as persoas físicas ou xurídicas propietarias de vehículos destinados exclusivamente ao transporte colectivo de persoas con discapacidade que presten servizos sociais para promover a autonomía persoal e o coidado da dependencia a que se refire a Lei 39/2006, do 14 de decembro, sobre promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como dos servizos sociais a que se refire o texto revisado da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e os seus inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro e a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia,

3. Ademais dos supostos previstos nos apartados anteriores, as persoas físicas ou xurídicas que o recoñezan expresamente na normativa estatal, autonómica ou local poderán obter a tarxeta de estacionamento.

Artigo 32.- Condicións de uso

1. A tarxeta de estacionamento emitida a favor e en beneficio dunha persoa de carácter privado para o seu uso nos vehículos utilizados para viaxar será persoal e intransferible e utilízase só cando o titular conduza un vehículo ou sexa transportado nel.

2. A tarxeta de estacionamento emitida a favor da persoa física ou xurídica é persoal e intransferible, estará vinculada a unha matrícula de vehículos destinada exclusivamente ao transporte colectivo de persoas con mobilidade reducida e só será efectiva cando o vehículo transporte efectivamente as persoas que motivaron o seu outorgamento, conforme o artigo anterior.

3. A utilización da tarxeta de estacionamento está suxeita a que o seu titular manteña os requisitos para a súa concesión.

Artigo 33.- Dereitos dos titulares das tarxetas e limitacións de uso

1. Os titulares da tarxeta de estacionamento terán os seguintes dereitos en todo o territorio nacional sempre que mostren visiblemente a tarxeta dentro do vehículo:

- a) Reserva de praza de aparcamento nun lugar próximo ao seu domicilio ou ao lugar de traballo. A praza debe estar marcada co símbolo internacional de accesibilidade.
- b) Aparcamento en lugares habilitados para persoas con discapacidade.
- c) Aparcadoiro nas zonas de estacionamento de duración limitada polo dobre do tempo permitido.
- d) Parar ou estacionar nas zonas reservadas para a carga e descarga, sempre que se comunique previamente á Policía Local, quen valorará a posibilidade ou non de acceder ao solicitado segundo o impacto que poida supoñer para o resto de usuarios.
- e) Parar en calquera lugar da estrada, por motivos xustificados e polo tempo necesario, sempre que non se produzan danos aos peóns nin ao tráfico e de acordo coas instrucións das autoridades.
- f) Acceso a estradas, zonas ou espazos urbanos con circulación restrinxida aos residentes sempre que o destino se atope nesa zona.

2. A posesión da tarxeta de estacionamento en ningún caso implicará autorización para estacionar en zonas peonís, en pasos de peóns, en lugares e casos en que estea prohibida a parada, lugares que obstaculicen pasaxes permanentes ou saídas de emerxencia, zonas restrinxidas por motivos de seguridade espazos públicos e espazos que reducen os carrís de circulación.

Artigo 34.- Obrigas dos titulares

1. O titular da tarxeta de estacionamento está obrigado a:

- a) O uso correcto desta, de acordo coas condicións de uso previstas nos artigos anteriores.
- b) Colocar a tarxeta de estacionamento no cadro de mandos do vehículo ou adhírea ao parabrisas dianteiro dende o interior, sempre co documento orixinal, para que quede ben visible e lexible dende o exterior.
- c) Identificarse cando o solicite un axente da autoridade, acreditando a súa identidade co documento nacional de identidade, o número de identificación fiscal, a tarxeta de residencia ou calquera outro documento de identificación oficial, sen o cal non poderá utilizar a tarxeta de estacionamento. Os nenos menores de 14 anos poden demostrar a súa identidade mostrando o documento que recoñece o grao de discapacidade.
- d) Colaborar cos axentes da orde para evitar, na maior medida posible, os problemas de tráfico que poidan causar ao exercer os dereitos que lle confire o uso da tarxeta de estacionamento.

e) Devolver a tarxeta de estacionamento caducada no momento da renovación ou ao final da súa vixencia.

2. O incumprimento destas obrigas pode provocar a cancelación da tarxeta de estacionamento ou a súa retirada temporal, sen prexuízo das sancións previstas polo ordenamento xurídico.

Así mesmo, o uso fraudulento da tarxeta de estacionamento, tanto por persoas físicas como por persoas xurídicas, levará á súa cancelación, sen prexuízo das sancións previstas polo ordenamento xurídico.

Artigo 35.- Tarxeta de estacionamento provisional

1. Por razóns humanitarias, excepcionalmente, poderase outorgar unha tarxeta provisional de estacionamento para vehículos a motor para persoas con mobilidade reducida, mentres se tramite a definitiva, debido a unha enfermidade ou patoloxía extremadamente grave que sitúe ao solicitante en posibilidade de obter a tarxeta definitiva ao cumprir os requisitos fixados nos artigos anteriores.

2. Para obter a tarxeta de aparcamento provisional, a acreditación dos puntos indicados no apartado anterior realizarase mediante a expedición do correspondente certificado polo persoal sanitario dos servizos públicos de saúde, que deberá contar coa validación do inspección dos servizos sanitarios competentes por razón do domicilio do solicitante.

3. Aos titulares da tarxeta provisional de estacionamento aplicaráselles os dereitos, obrigas e condicións de uso regulados nesta norma, durante o tempo que dure a concesión.

4. A concesión da tarxeta provisional terá unha duración máxima dun ano e poderá prorrogarse por un período igual, sempre que se manteñan as condicións iniciais requiridas para a súa concesión.

CAPÍTULO VI.- Dos animais

Artigo 36.- Réxime xeral

1. Prohíbese o tránsito de animais de tiro, carga ou de monta, cabezas de gando illadas, en rabaños ou bandadas en toda a zona urbana, agás autorización municipal expresa.

2. Tamén está prohibida a circulación de vehículos tirados por animais polas vías urbanas, agás nos casos previamente autorizados polo Concello.

3. En canto aos demais usos e comportamentos dos animais na vía pública, serán de aplicación as normas contidas na Ordenanza de protección e tenza de animais domésticos.

TÍTULO TERCEIRO

DAS ZONAS PEONÍS E A SÚA ACCESIBILIDADE

CAPÍTULO I.- Zonas de prioridade peonil

Artigo 37.- Zonas e vías peonís

1. As beirarrúas, rúas e zonas peonís son espazos preferentes para o tránsito e a estancia peonil, quedando prohibido con carácter xeral o acceso, circulación e estacionamento de vehículos.
2. O Concello dentro das súas competencias de ordenación, control do tráfico e uso das vías públicas da súa titularidade e velando polo principio de maior e mellor protección do usuario máis vulnerable, establecerá zonas de prioridade peonil, nas que se restrinxirá total ou parcialmente a velocidade, circulación, parada e estacionamento de vehículos. Nestas zonas o peón gozará de prioridade sobre calquera outro vehículo, bicicleta ou elemento mecánico de transporte, que estea autorizado a circular.
3. As zonas peonís serán delimitadas mediante a sinalización correspondente, sen prexuízo de poder empregar outros elementos electrónicos ou físicos que controlen a entrada e circulación de vehículos por estas vías.
4. As vías afectadas polas consideracións deste capítulo regúlanse no anexo I desta ordenanza, tendo facultades para a súa modificación o titular da Alcaldía ou persoa na que delegue.

Artigo 38.- Características

Considéranse zonas de prioridade peonil, as zonas peonís, as zonas 20, as zonas residenciais ou de encontro, e todas aquelas que se poidan establecer para mellorar a convivencia dos diferentes modos de mobilidade e onde o respecto e a preferencia ao peón sexa prioritario.

Artigo 39.- Limitacións

1. A prohibición de circulación, parada e estacionamento poderase establecer ben con carácter permanente, ben referido a determinados días ou ben a unhas horas do día.

2. Tamén se poderán establecer limitacións de acceso a determinados vehículos por masa e dimensións, categoría ou tipo de carga transportada.

Artigo 40.- Zona de especial protección para os peóns.

1. Por acordo do órgano competente poderase declarar, con carácter temporal ou permanente, determinadas rúas ou espazos públicos como “zonas de especial protección para os peóns”, nos que se restrinxirá totalmente o estacionamento e a circulación de vehículos.

2. Excepcionalmente poderán acceder a unha rúa peonil de especial protección, e exclusivamente no tramo de vía onde se sitúa o seu destino ou servizo, os seguintes vehículos:

- a) As ambulancias e todos aqueles que teñan inherente a prestación de servizos públicos municipais de xestión directa ou indirecta.
- b) Os que trasladen doentes con domicilio ou lles presten atención dentro do área ou zona peonil, coma por exemplo “servizo médico urxente”, “servizos asistenciais”, etc.
- c) Os que trasladen ós hóspedes de hoteis e residencias de persoas maiores situados dentro do área ou zona.
- d) Os que accedan ou saian de garaxes e estacionamentos autorizados.
- e) Os conducidos ou ocupados por persoas con tarxeta de estacionamento para discapacitados e sempre e cando o estacionamento nunha das zonas habilitadas para o efecto, situadas no perímetro das rúas peonís, non sexa suficiente para poder acadar o seu obxectivo.
- f) Os de residentes nas devanditas rúas. Enténdese como residente aqueles que contan con tarxeta de residente de acordo co disposto no anexo IV.
- g) Os vehículos de carga e descarga que dan servizo ós distintos establecementos ou vivendas situadas nas rúas peonís, no mesmo horario que rexe para a carga e descarga e respectando os límites de masa máxima permitida para cada rúa.
- h) Os vehículos destinados ao servizo de transporte público de viaxeiros.

Artigo 41.- Acceso autorizado á zona peonil

1. Para acceder ás zonas peonís delimitadas será preciso contar con autorización do negociado competente ou da Policía Local, á que fai referencia o anexo IV, polo que se motivará a necesidade de acceso así como os datos relativos á identificación do vehículo co que se quere acceder.

2. A obriga de solicitude de autorización non lle é de aplicación ós vehículos ós que fan referencia os apartados a) d) g) e h) do apartado anterior. No caso dos vehículos que accedan a garaxes, gozarán desta exención sempre e cando os seus titulares teñan comunicado ben ó negociado correspondente ben á Policía Local a relación de usuarios que nel estacionan.
3. En todo caso a velocidade máxima permitida será de 10 km/h, coa obriga de dar prioridade de paso ós peóns sobre os vehículos. Así mesmo, o tempo máximo de estancia nestas rúas será de 15 minutos, agás aqueles que teñan como destino un garaxe para o que empregarán o tempo mínimo indispensable ou aqueles que sexan autorizados por un tempo superior.
4. Poderase autorizar tamén de forma excepcional a circulación de vehículos previa declaración responsable regulada no anexo VII, na que se expoña a necesidade de acceso ante o Negociado de Seguridade e Tráfico competente, agás nos casos de urxencia que poderá ser remitida e autorizada pola Policía Local, nos seguintes supostos:
 - a) A celebración de acontecementos sociais, culturais ou deportivos.
 - b) Cando o solicitante xustifique a imposibilidade loxística de efectuar o transporte en vehículos de inferior tonelaxe e en horario diferente aos indicados na sinalización correspondente, e iso non produza unha grave afección á mobilidade xeral ou particular da zona.
 - c) Cando, por imposición de licenza ou autorización, establézanse horarios concretos de realización de actividades vinculados necesariamente á circulación de vehículos de tonelaxe superior ao permitido.
 - d) Cando conte coa autorización municipal para a realización de mudanzas ou outras ocupacións da vía.
 - e) Naquelas outras situacións debidamente xustificada.
5. Os vehículos do servizo de extinción de incendios e salvamento, os das forzas e corpos de seguridade poderán circular polas vías peonís sen as limitacións do apartado anterior.

Artigo 42.- Procedemento

1. A solicitude de acceso presentarse ante o Concello, no formato e a través do sistema que se establece neste artigo, motivando a súa necesidade.
2. Preferentemente empregarse a vía telemática co procedemento habilitado na Sede Electrónica do Concello. Excepcionalmente poderase solicitar por vía telefónica á Policía Local, cando non se

dispoña de medios para acceder pola vía preferente ou en situacións de urxencia debidamente motivada.

3. Presentada a solicitude será examinada polos servizos municipais competentes, autorizando ou rexeitando motivadamente a petición. Examinada a solicitude poderáselle requirir ao solicitante, de ser necesario, que achegue máis documentación ou información, indicándolle que, se non o fixese, se lle terá por desistido da súa petición, trala resolución previa que deberá ser ditada nos términos previstos no artigo 21 da Lei 39/2005, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

CAPÍTULO II.- Zonas de espazo compartido e outras zonas

Artigo 43.- Rúas residenciais

As rúas residenciais son aquelas nas que existe unha coexistencia no mesmo espazo de peóns, ciclistas e vehículos a motor. Deberán sinalizarse mediante a sinalización correspondente de acordo coa normativa de seguridade viaria.

Nestas zonas se establecerá unha velocidade máxima de circulación de 20 km/h. Quen conduza deberá conceder prioridade aos peóns tendo preferencia tanto o tránsito como a estancia e espaxamento destes, e os vehículos non poderán estacionar máis que nos lugares designados por sinais ou marcas viarias.

Recóllense no Anexo V recóllense aquelas rúas que son consideradas “rúas residenciais” e as súas restricións.

Artigo 44.- Zonas 20

As zonas 20 son vías que dispoñen dunha plataforma única, na que a calzada e a beirarrúa atópanse ao mesmo nivel, especialmente acondicionados e sinalizados nos que a velocidade máxima na banda de circulación é de 20 km/h. Nestas vías os peóns poderán atravesar a calzada fóra dos pasos habilitados se os houbese, dado que o peón goza de prioridade. Igualmente gozarán de preferencia na ocupación da calzada sobre os vehículos de motor aqueles outros vehículos de menor entidade, coma por exemplo as bicicletas.

Artigo 45.- Zonas 30

As zonas 30 son vías que dispoñen dun único carril por sentido de circulación, especialmente acondicionados e sinalizados nos que a velocidade máxima na banda de circulación é de 30 km/h. Nestas vías os peóns non poderán atravesar a calzada fóra dos pasos habilitados se os houbera, nin gozarán de prioridade, pero os vehículos de menor entidade coma as bicicletas, por exemplo, si gozarán de preferencia na circulación.

TÍTULO CUARTO

DA CARGA E DESCARGA DE MERCADORIAS

CAPÍTULO I.- Da carga e descarga de mercadorías

Artigo 46.- Normas xerais

1. Zona de carga e descarga é aquel espazo sobre a vía pública, que está identificado ou delimitado e sinalizado como tal, onde se permitirá o estacionamento de vehículos, polo tempo estritamente necesario para realizar as operacións de carga e descarga.

Nas operacións de carga e descarga, en todo momento haberá persoal doadamente localizable preto do vehículo e pendente ante posibles requirimentos dos axentes de tráfico.

2. Por operación de carga e descarga na vía pública, entenderase a acción de trasladar mercadorías desde un inmovible ou local comercial a un vehículo estacionado ou viceversa, e entre vehículos sempre que estes se consideren autorizados para esta operación.

3. O depósito da mercadoría da carga e descarga deberase efectuar fóra da vía, preferentemente no interior dos locais comerciais e industriais, sempre que dispoñan das condicións axeitadas. Excepcionalmente, cando sexa inescusable realizala nesta, deberase executar sen ocasionar perigos nin perturbacións graves ao resto de usuarios da vía.

Artigo 47.- Horarios e áreas

1. O Negociado de Seguridade e Tráfico establecerá os horarios xenéricos das zonas da cidade habilitadas para carga e descarga. Así mesmo, determinará os horarios específicos naquelas zonas que o precisen, derivados da problemática da vía ou da demanda comercial.

2. Como norma xeral permitirase a realización dos labores de carga e descarga todos os días agás domingos e festivos, dentro do seguinte horario:

de 9:00 a 19:00 h ininterrompidamente

3. A carga e descarga nas rúas peonís quedará suxeito ó seguinte horario:

de 08:30 a 13.00 h

4. Por razóns comerciais poderase establecer en determinadas áreas un horario axustado ás necesidades específicas da zona, mediante decreto do titular do órgano competente.
5. Para evitar molestias ou por ruídos, quedan prohibidas na vía pública, as tarefas de carga e descarga entre as 22 e as 8:30 horas agás zonas habilitadas e sempre que se adopten as medidas oportunas para evitar ruídos molestos.

Artigo 48.- Limitacións respecto ao estacionamento de vehículos de carga e descarga.

1. En todo caso, tanto as tarefas de carga e descarga, dentro das áreas determinadas, como as que excepcionalmente teña que realizarse fóra delas, terán en conta as seguintes normas:

- a) As operacións de carga e descarga realizaranse nos horarios e espazos regulados, que se verá reflectido na sinalización correspondente e cunha duración máxima de 30 minutos.
- b) Realizarase en vehículos destinados ao transporte de mercadorías habilitados mediante a correspondente tarxeta de transporte, colocada en lugar visible, ou en vehículos mixtos, furgóns, furgonetas ou camións, todos eles rotulados.
- c) Utilizaranse os medios suficientes para conseguir a máxima celeridade, procurando evitar ruídos e molestias innecesarias, especialmente nos horarios nocturnos.
- d) Queda prohibido depositar a mercadoría na zona de tránsito.
- e) As operacións de carga e descarga de mercadorías molestas, nocivas, insalubres ou perigosas, así como as que entrañen especialidades na súa manexo, rexeranse, ademais, polas disposicións específicas que regulan a materia.
- f) En caso de existir algún perigo para os peóns ou vehículos durante a realización da carga ou descarga, deberase protexer e sinalizar a zona, de acordo coa normativa vixente.
- g) A delimitación da masa máxima autorizada efectuarase en función do tipo de vía e contorno de que se trate (vías de alta densidade, recintos históricos, zonas peonís, etc.).
- h) Na construción de edificacións de nova planta, obras de demolición, de reforma (total ou parcial), escavacións, etc., que requiran de licenza urbanística, os solicitantes das licenzas

de obras deberán acreditar que dispoñen dun espazo no interior da obra destinado a estacionamento para carga e descarga. Cando iso non fose posible, as zonas de reserva de vía pública por obra concederanse de acordo co disposto nesta ordenanza.

- i) Aqueles vehículos que por razóns especiais non se axusten ao establecido para a carga e descarga deberán proveerse do correspondente permiso municipal condicionado.
- j) Non poderán permanecer estacionados nas zonas para carga e descarga vehículos que non se atopen realizando a dita actividade, nin os que as realicen por tempo superior a 30 minutos, dentro do horario establecido, salvo que estean debidamente autorizados. Fóra do horario de carga e descarga, con carácter xeral, permítese o estacionamento de vehículos, agás sinalización en contrario.
- k) O Negociado de Seguridade e Tráfico será o encargado de habilitar, sinalizar e establecer os espazos permitidos para efectuar os labores de carga e descarga, coa restrición de horarios e a vehículos determinados.
- l) As operacións de carga e descarga terán que realizarse coas debidas precaucións para evitar ruídos innecesarios e coa obrigaón de deixar limpa a vía pública.

2. Cando a carga e descarga se faga dentro dun área peonil, de non existir zonas específicas para a parada e o estacionamento onde desenvolver estas tarefas, poderase desenvolver o mais preto posible do destino, pero sempre procurando non entorpecer ao resto de usuarios da vía, así mesmo procurando non bloquear as interseccións nin o paso doutros vehículos. Polo tanto a súa circulación axustarase ás mesmas regras que si se tratase dunha vía aberta ao tráfico, pero coas limitacións propias da zona peonil en canto a velocidades, etc.

TITULO QUINTO

DAS PARADAS E ESTACIONAMENTOS

CAPÍTULO I.- Do estacionamento regulado con horario limitado

Artigo 49.- Estacionamento regulado con horario limitado

Co fin de facer compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todos os usuarios, regúlase neste capítulo a ordenación e a mellora do tráfico mediante a regulación funcional, espacial e temporal dos estacionamentos de vehículos nas vías de uso público da cidade, así como

o establecemento de medidas para garantir o seu cumprimento, todo iso co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, prestando especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade que teñen reducida a mobilidade e que utilizan vehículos.

A xuízo do órgano competente poderanse establecer limitacións temporais en determinadas zonas destinadas ao estacionamento de vehículos empregados por persoas con mobilidade reducida que, pola súa necesidade de rotación, así o requiran.

Artigo 50.- Tipos de estacionamentos regulados con horario limitado

1. Atendendo ás necesidades particulares da nosa cidade fíxanse dous tipos de limitacións de estacionamento: de “ROTACIÓN” ou “ZONA AZUL” e de “ALTA ROTACIÓN” ou “PARKING EXPRESS”.

2. As zonas ou áreas de “ROTACIÓN” ou “ZONA AZUL” establécense como zonas de estacionamento limitado suxeito aos seguintes requisitos:

- a) Unha temporalidade máxima de 90 minutos continuados, como regra xeral, agás excepcións concretas que determine o órgano competente por razón de materia, como no caso das áreas de estacionamento das praias ou estacionamentos disuasorios.
- b) Pasado o tempo establecido non poderá volver estacionar no mesmo tramo de rúa.
- c) Fóra do horario fixado na sinalización vertical poderase estacionar sen ningunha limitación horaria, agás sinalización en contrario.

3. As zonas ou áreas de “ALTA ROTACIÓN” ou “PARKING EXPRESS” establécense como zonas de estacionamento limitado suxeito aos seguintes requisitos:

- a) Unha temporalidade máxima de 30 minutos continuados
- b) Pasado o tempo establecido non poderá volver estacionar no mesmo tramo de rúa.
- c) Fóra do horario fixado na sinalización vertical poderase estacionar sen ningunha limitación horaria, agás sinalización en contrario.

4. O límite temporal de 90 e 30 minutos será de 180 e 60 minutos, respectivamente, para as persoas que dispoñan de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.

Artigo 51.- Zonas de estacionamento regulado con horario limitado.

1. As zonas da cidade nas que se establezan estas dúas tipoloxías diferenciais do estacionamento de rotación, fíxanse no anexo II e III respectivamente da presente ordenanza.

2. Corresponderalle ó Alcalde ou Concelleiro delegado, no seu caso, mediante decreto, a ampliación ou modificación das vías que se declaran de estacionamento con horario limitado.

3. O horario de aplicación será o seguinte:

Días laborables de luns a venres: de 10:00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h

Sábados: de 10:00 a 14:00 h

4. Fóra dese horario estará permitido o estacionamento, agás sinalización en contrario.

Artigo 52.- Sinalización do estacionamento regulado con horario limitado.

1. As zonas afectadas por este servizo estarán claramente identificadas mediante sinalización vertical e horizontal, así como cos paneis complementarios necesarios.

2. En particular a “ZONA AZUL” estará sinalizada verticalmente coa R-309 coas inscricións de “Estacionamento limitado” xunto cun panel complementario que indique as franxas horarias e o tempo máximo permitido, ou ben un panel na que se incorpore a dista sinal coa mensaxe correspondente. O espazo estará delimitado horizontalmente mediante unha liña lonxitudinal continua de cor azul sobre o bordo da calzada ou da beirarrúa, e descontinua para separala do carril de circulación.

3. En particular a zona de “PARKING EXPRESS” estará sinalizada verticalmente coa R-309 coas inscricións de “PARKING EXPRESS” xunto cun panel complementario que indique as franxas horarias e o tempo máximo permitido, ou ben un panel na que se incorpore a dista sinal coa mensaxe correspondente. O espazo estará delimitado horizontalmente mediante unha liña lonxitudinal continua de cor laranxa sobre o bordo da calzada ou da beirarrúa, e descontinua para separala do carril de circulación.

CAPÍTULO II.- Dos estacionamentos destinados a residentes

Artigo 53.- Estacionamento de residentes

1. Coa finalidade de harmonizar a convivencia, tendo en conta as necesidades dos veciños e a rotación de espazos establecidos, fíxanse prazas de estacionamento destinadas en exclusiva a aqueles que dispoñan de tarxeta de residente por razón de domicilio particular.
2. Os requisitos para a concesión dunha tarxeta de residentes, así como as súas características fíxanse no anexo IV desta ordenanza.

Artigo 54.- Zonas de estacionamento

1. As zonas da cidade nas que estableza esta tipoloxía de estacionamento fíxase no anexo IV da presente ordenanza.
2. O estacionamento nestas zonas non ten limitación horaria ningunha.

Artigo 55.- Sinalización das zonas de estacionamento para residentes

1. As zonas afectadas por este servizo estarán claramente identificadas mediante sinalización vertical e horizontal, así como cos paneis complementarios necesarios.
2. En particular a zona de “ESTACIONAMENTO PARA RESIDENTES” estará sinalizada verticalmente coa R-309 coas inscricións de “ESTACIONAMENTO PARA RESIDENTES”, ou ben un panel na que se incorpore a dista sinal coa mensaxe correspondente. O espazo estará delimitado horizontalmente mediante unha liña lonxitudinal continua de cor verde sobre o bordo da calzada ou da beirarrúa, e descontinua para separala do carril de circulación.

CAPÍTULO III.- Dos estacionamentos de vehículos con persoas en período de xestión ou durante o primeiro ano de xactancia.

Artigo 56. Das autorizacións

Poderase solicitar unha tarxeta de estacionamento á que fai referencia o artigo 56.1.d) para aquelas persoas que se atopen nun período de xestión avanzado ou que trasladen no seu vehículo menores cunha idade non superior a un ano, coa finalidade de lles facilitar o seu desprazamento a determinadas áreas da cidade.

Esta tarxeta habilitará aos seus usuarios a estacionar nas zonas identificadas conforme o Anexo VII desta ordenanza.

Artigo 57.- Procedemento e requisitos

1. A solicitude da tarxeta deberase presentar ante o Concello, no formato e a través do sistema que se estableza que preferentemente será telemático.
2. Presentada a solicitude será examinada polos servizos municipais competentes, autorizando ou rexeitando motivadamente a petición. Examinada a solicitude poderáselle requirir ao solicitante, de ser necesario, que achegue máis documentación ou información, indicándolle que, se non o fixese, se lle terá por desistido da súa petición, trala resolución previa que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2005, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas
3. Poderán ser titulares da tarxeta aquelas persoas que acrediten mediante certificado médico que se atopan nun período de xestación avanzado ou que, polas características do seu embarazo, non sexan recomendables os desprazamentos a pé.

CAPÍTULO IV.- Das autorizacións municipais de estacionamento

Artigo 58. Das autorizacións e as súas tipoloxías

1. Soamente consideraranse válidos para o estacionamento os títulos habilitantes expedidos polo Negociado de Seguridade e Tráfico ou por delegación, os expedidos pola Xefatura da Policía Local. Para tal fin concréntanse as seguintes tipoloxías de autorizacións:
 - a) Tarxeta de residentes
 - b) Autorización municipal de estacionamento
 - c) Tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade
 - d) Tarxeta para persoas xestantes ou durante o primeiro ano de xactancia.
2. Os requisitos, características e formatos destes títulos habilitantes especifícanse nos anexos IV a VII desta ordenanza.
3. Os duplicados destas autorizacións expediranse exclusivamente en caso de deterioro e previa entrega da tarxeta deteriorada.

CAPÍTULO V.- Disposicións comúns

Artigo 59.- Vehículos exentos

Non precisan distintivo de estacionamento en zonas de rotación ou de alta rotación, nin están suxeitos á limitación horaria, os seguintes vehículos:

1. Os ciclos, ciclomotores e motocicletas os cales deberán aproveitar ó máximo o espazo dispoñible.
2. Os vehículos que dispoñan de autorización municipal de estacionamento
3. Os vehículos oficiais do Estado, das Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá, cando estean desenvolvendo as súas funcións.
4. As ambulancias e vehículos dos servizos de urxencia, cando estean cumprindo tales servizos.

Artigo 60.- Prohibición de estacionar

Como regra xeral prohíbese estacionar en calquera das vías obxecto de aplicación das normas sobre tráfico circulación de vehículos a motor e seguridade viaria:

a) Cando o vehículo permaneza estacionado para a súa venda, considerándose a estes efectos que un vehículo destínase a tal fin cando se dean calquera destas dúas circunstancias:

1. Que en calquera lugar deste se atope colocado un cartel no que se anuncie a súa venda ou de calquera outro
2. Que se atope estacionado outro vehículo co mesmo cartel a unha distancia inferior a 50 metros

b) Con fins fundamentalmente publicitarios.

c) Coa finalidade de efectuar actividades como a venda ambulante non autorizada.

d) Cando a súa finalidade sexa a reparación non puntual de vehículos na vía pública.

e) Cando a súa finalidade sexa utilizar o espazo público como lugar habitable con certa vocación de permanencia, por canto impide a libre circulación, a ocupación temporal dese espazo de modo limitado e rotativo por outros eventuais usuarios e dificulta a equitativa distribución de aparcamentos. Así, enténdese que hai vocación de permanencia si se pernocta nun mesmo vehículo (turismo, caravana, autocaravana...) máis dunha noite na mesma rúa ou dúas noites seguidas en calquera das vías que abrangue este concello. En ningún caso se permitirá a pernocta no casco urbano. Quedan excluídos os estacionamentos destinados exclusivamente para esta finalidade.

f) Remolques ou semirremolques non enganchados ao vehículo tractor.

- g) Queda prohibido o estacionamento de toda clase de vehículos que superen as masas e dimensións fixadas no artigo 26 desta ordenanza.
- h) No interior do núcleo urbano da cidade os vehículos destinados ao transporte de mercadorías perigosas, tendo dita consideración os que transporten as substancias contempladas na lexislación sobre transporte de mercadorías perigosas por estrada.
- i) En ningún caso poderían estacionar dentro das zonas marítimo-terrestres, nin zonas verdes, nin nos parques, xardíns ou semellantes zonas excluídas ao tráfico.
- j) Nun mesmo lugar da vía pública durante máis de trinta días consecutivos. En todo caso, a persoa titular do vehículo terá a obriga de se cerciorar por si, ou por calquera outra persoa ou medio, de que o seu vehículo non se atopa indebidamente estacionado como consecuencia de calquera cambio de sinalización ou ordenación do tráfico.
- k) Naqueles lugares que, sen estar incluídos nos apartados anteriores, constitúan un perigo ou obstaculicen gravemente o tráfico de peóns, vehículos ou animais, de acordo co disposto na lexislación en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Artigo 61.- Subministro farmacéutico, prensa e outros.

1. Os vehículos encargados de realizar a subministración de produtos farmacéuticos, de laboratorio a farmacias, de prensa e outros semellantes, poderán realizar paradas ou estacionamentos, ou acceder ás zonas peonís, durante o tempo o mínimo imprescindible para garantir o seu abastecemento, podendo fixarse un horario autorizado polo órgano competente en función da súa afección sobre o interese xeral.
2. Os vehículos aos que se refire o apartado anterior deberán contar coa autorización municipal correspondente de acordo co disposto nesta ordenanza.

Artigo 62.- Do estacionamento dos vehículos de dúas rodas

O Concello, a través do Negociado de Seguridade e Tráfico, poderá situar zonas de estacionamento exclusivas para vehículos de dúas rodas, tanto na propia plataforma da vía como en determinadas zonas peonís que, polas súas dimensións ou características así o permitan.

TITULO SEXTO

ORDENACIÓNS TEMPORAIS, PROVISIONAIS OU PERMANENTES

CAPÍTULO I – Ocupacións das vías con vehículos

Artigo 63. Definición.

Para os efectos desta ordenanza entenderase por ocupación a habilitación temporal dunha parte da vía, banda de estacionamento ou espazo público, delimitada temporalmente mediante o emprego de elementos de sinalización ou balizamento de carácter provisional, para a realizar traballos, obras, actividades ou a prestar servizos.

Artigo 64. Réxime xurídico

1. As ocupacións das vías urbanas reguladas nesta ordenanza requirirán autorización do órgano competente, trala correspondente solicitude dos interesados nos termos establecidos nesta ordenanza.

2. De maneira non exhaustiva, poderán outorgarse autorizacións de ocupación das vías urbanas para a realizar traballos, obras, actividades ou prestar servizos que se relacionan de seguido:

- a) Rodaxes e reportaxes fotográficos
- b) Mudanzas,
- c) Realizar de traballos relacionados coa execución de obra civil e de edificación, incluíndo as operacións de carga-descarga e posta en obra, sempre que non poidan efectuarse no interior do recinto acoutado da obra.
- d) Realizar traballos ou prestar servizos determinados tales como saneamento, limpeza ou carga e descarga de mercadorías que non estean contemplados expresamente noutros apartados da presente ordenanza.
- e) A realización por máquinas de servizos automotrices de traballos de elevación de cargas relacionados con obras ou para prestar servizos determinados, a condición de que se trate da realización de traballos cuxa natureza esté ligada a unha actuación concreta, puntual e moi determinada no tempo, e sempre que non poidan efectuarse no interior do recinto acoutado da obra.
- f) O desenvolvemento de campañas sociais, sanitarias, asistenciais, educativas, turísticas, ou de calquera outra natureza, co obxecto de fomentar unha determinada actividade ou de prestar un servizo que teñan interese social.

3. As autorizacións de ocupación das vías urbanas concederáse exclusivamente para os efectos da utilización do dominio público, sen prexuízo daquelas outras autorizacións, permisos ou licenzas que foren precisas para realizar as actividades ou prestar os servizos correspondentes.

4. As ocupacións do dominio público nos lugares de afluencia masiva de peóns e vehículos e nos que poida existir algún risco ou perigo para o tráfico rodado ou peonil en xeral, autorizaráse ou denegarase atendendo en cada caso ás circunstancias constatadas nos informes técnicos correspondentes que en todo caso terán en conta os pasos para peóns, accesos e saídas de locais de pública concorrencia, paradas de transporte público, vaos e visibilidade da sinalización, entre outros.

5. As autorizacións de establecemento das ocupacións concederáse cunha vixencia temporal que se determinará na propio título habilitante. Transcorrido o prazo para o que foron concedidas, poderán prorrogarse, trala solicitude previa do interesado, formalizada antes do remate do prazo de vixencia.

En todo caso, deberá xustificarse a necesidade da prórroga e indicar a nova data de remate, cuxo período de tempo non poderá ser superior ao inicialmente concedido.

6. As autorizacións de ocupacións reguladas neste capítulo axustaranse ás condicións xerais reguladas na lexislación sobre patrimonio das administracións públicas e a aquelas outras específicas propias da natureza da ocupación e poderán ser revogadas unilateralmente pola Administración municipal en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización ningunha a favor do seu titular, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan o seu uso para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

7. As autorizacións extinguiránse cando se incumpran as condicións establecidas na presente ordenanza ou na autorización conferida para o efecto, ou ben pola falta de pago da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

Artigo 65. Uso.

En función da súa tipoloxía, as ocupacións unicamente poderán ser utilizadas por:

- Os vehículos e maquinaria empregados para a carga-descarga, tales como furgóns, camións, camión-grúa, camión formigoneira, camión de bombeo e demais vehículos e maquinaria, nas condicións especificadas na autorización.
- Máquinas de servizos automotrizes e demais vehículos que transporten a carga para elevar, nas condicións especificadas na autorización.

- Vehículos directamente empregados para prestar servizos ou o desenvolvemento de campañas descritas nos apartados 2.d e 2. f do artigo anterior.

En ningún caso poderase empregar a ocupación como espazo de estacionamento para vehículos particulares de empregados, clientes ou outras persoas relacionadas coa actividade que deu orixe á autorización correspondente.

Artigo 66. Procedemento.

1. Nas ocupacións, o procedemento iniciarase coa presentación ante o Concello, nun prazo de cinco días hábiles, no formato e a través do sistema que se estableza, da correspondente solicitude, acompañada da documentación indicada no seguinte artigo.

2. Os servizos municipais examinarán a solicitude e a documentación achegada e, no seu caso, requiriran ao interesado para que emende a falta ou achegue a documentación preceptiva, indicando de que se así non o fixese se lle terá por desistido da súa petición, trala resolución previa que deberá ser ditada nos términos previstos no artigo 21 da Lei 39/2005, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Unha vez completada a documentación, emitiranse, no seu caso, os informes que correspondan, en base aos cales redactarase a proposta de resolución nalgún dos seguintes sentidos:

- a) De desestimación.
- b) De estimación, indicando, no seu caso, os requisitos ou medidas que deben adoptarse para o seu adecuado funcionamento.

A solicitude de ocupación de vías urbanas con vehículos para a execución de obras de reformas, rehabilitación ou nova planta realizarase, con carácter xeral, dentro da solicitude de licenza de obras, orde de execución ou acto administrativo que as autorice.

Artigo 67. Documentación.

Para tramitar estas autorizacións de ocupación será necesario presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude debidamente cumprimentada en modelo oficial, na que se especificasé a dirección, rúa e número, dimensións da ocupación expresada en metros, así como a duración, periodicidade, días e horario en que se vai a efectuar.
- b) Acreditación do pago das taxas que, no seu caso, corresponda abonar relacionadas co documento administrativo que o autorice.

- c) Cando o obxecto da ocupación sexa a realización de obras ou traballos relacionados con estas:
- i. Identificación da licenza de obras, orde de execución ou acto administrativo que, no seu caso, autorice a obra.
 - ii. Declaración responsable, asinada polo técnico competente, de que non dispón de espazo no interior do recinto da obra para a realización dos traballos para os que solicita ocupación da vía pública.
- d) Cando o obxecto da ocupación sexa a realización de campañas sociais, sanitarias, asistenciais, educativas, turísticas ou semellantes, de carácter puntual, memoria xustificativa e detallada do obxecto de campaña, indicando o órgano promotor destas.

Artigo 68. Resolución.

Nos procedementos para a autorización das ocupacións, a autorización deberá conter unha mención expresa do titular da ocupación, da súa localización exacta, da súa dimensión, da duración, de días, horarios e prazo de validez que, no seu caso, establézanse, das actuacións e recursos paliativos esixidos ao titular en relación coas consecuencias da ocupación e das demais condicións nas que debe realizarse o aproveitamento do dominio público. O silencio administrativo terá efectos denegatorios nos termos fixados pola lexislación estatal.

Artigo 69. Modificación e supresión das ocupacións.

1. A autoridade municipal poderá acordar a modificación das condicións de outorgamento das autorizacións de establecemento das ocupacións ou a supresión destas cando se adopten novos criterios de apreciación por motivos de excepcional interese xeral debidamente xustificado ou cando se produzan circunstancias de mobilidade, fluidez do tráfico, seguridade viaria ou calidade ambiental, tanto por contaminación atmosférica como por ruído, que así o xustifique, sendo de conta do titular da ocupación os gastos que se deriven da modificación ou retirada da sinalización.
2. O titular dunha ocupación poderá solicitar a súa supresión ou modificación, xa sexa a súa ampliación ou redución na dimensión, duración, de días e horario, considerándose para estes efectos como unha nova solicitude suxeita ao procedemento xeral descrito e acompañada, no seu caso, da documentación específica esixida para cada unha delas na presente ordenanza.

CAPÍTULO II – Outras medidas específicas de ordenación do tráfico de carácter temporal

Artigo 70. Ocupacións, ordenación e sinalización das vías urbanas por outras actuacións.

Con carácter xeral establécense as seguintes limitacións:

- a) A realización de probas deportivas na vía pública require autorización previa do Concello cando discorran integra e exclusivamente por vías e espazos públicos do seu término municipal. A autorización municipal determinasé as condicións da súa realización en canto a horario, itinerario e medidas de seguridade.
- b) A instalación de contedores e sacos de residuos de construción e demolición na vía pública suxeitarase ao establecido na normativa municipal correspondente.

Con excepción das retiradas de contedores ordenadas polos servizos municipais e executadas con medios propios, as operacións específicas de instalación, retirada, cambio ou substitución destes contedores e sacos só poderán realizarse en días laborables, no período comprendido entre as 08:00 e as 22:00 horas de luns a venres.

Como norma xeral, todo contedor, agás os que se atopan dentro dun valado de obras, deberanse retirar como moi tarde os venres ás 22:00h e non poderán ocupar a vía pública ata o luns despois das 08:00h.

Cando sexa imprescindible cortar momentaneamente a circulación para efectuar a instalación ou retirada dos contedores, disporase, no punto da rúa onde exista a posibilidade de desvío, un sinal portátil tipo S-15 (calzada sen saída) cun cartel complementario coa inscrición “Tráfico interrompido por movemento de contedores: “máximo dez minutos”. En calquera caso tomaranse as medidas oportunas para reducir, na maior medida posible, o tempo da operación.

CAPÍTULO III – Sinalización das ocupacións

Artigo 71. Sinalización, persoas responsables.

1. Todas as ocupacións das vías e espazos públicos obxecto da presente ordenanza, e sen prexuízo das particularidades establecidas para algunhas delas, deberán estar identificadas mediante o emprego da sinalización vertical e de balizamento prevista na normativa estatal de aplicación. Unicamente poderase utilizar sinalización horizontal cando así se faga constar expresamente nas condicións particulares da autorización.

2. A sinalización lle corresponderá ao solicitante da ocupación.

3. En orde á sinalización das ocupacións, o titular da correspondente autorización deberá cumprir as seguintes obrigacións:

- a) Subministrar, instalar e conservar os elementos de sinalización e balizamento que correspondan, sendo da súa conta os gastos que se deriven, na forma, cor, deseño, símbolos, significado e tamaño que figuren no catálogo oficial de sinais de circulación de acordo co disposto no Regulamento xeral de circulación.
- b) En todos os casos, a obriga de sinalizar alcanzará non só á propia ocupación da vía pública, senón tamén a aqueles lugares en que resulte necesaria calquera indicación como consecuencia directa ou indirecta dos traballos ou obras que se realicen.
- c) Anular ou mudar de situación a sinalización fixa contraditoria coa sinalización provisional, previa autorización municipal expresa.
- d) Adoptar as medidas necesarias para evitar danos ás persoas ou ás cousas, acoutando o perímetro onde puidese existir algún perigo para viandantes, canalizando neste caso o tránsito peonil, garantindo en particular a accesibilidade para todas as persoas a través dun itinerario peonil accesible nas condicións previstas na lexislación vixente.
- e) Retirar, provisional ou definitivamente, segundo proceda, os elementos de sinalización e balizamento empregados unha vez finalizada a ocupación.
- f) Repoñer ou adaptar a sinalización fixa unha vez finalizada a ocupación.

4. Cando a ocupación afecte a zona na que esté autorizado o estacionamento, será obrigatorio:

4.1. Sinalizar a prohibición de estacionamento cunha antelación a mínima de 48 horas mediante o emprego dos elementos que de seguido se sinalan:

- a) Sinais portátiles de estacionamento prohibido, colocadas unha en cada extremo da zona para ocupar, coidando especialmente de que as frechas do sinal a delimiten correctamente. En cada sinal colocarase un cartel indicativo, facilitado polo Concello, coa data e a hora da ocupación, que en todo caso incorporara un código QR ou outra referencia que facilite a comprobación electrónica por calquera persoa da autenticidade e características da autorización outorgada a través da sede electrónica do Concello.
- b) Cinta de balizar ou sistema semellante que se fixará aos sinais de cada extremo para acoutar a zona.

4.2. Comunicarlle electronicamente á Policía local, no formato que se fixe e a través do sistema que se estableza, cunha antelación mínima de 48 horas, a data e hora de colocación dos sinais, a duración, data e hora de realización da ocupación, e a documentación multimedia que se estableza

incluíndo en particular fotografías que non teñan sufrido ningún tipo de tratamento dende a súa captura e conteñan a información da data da súa realización e que, ademais deberán reunir as seguintes especificacións:

- a) incluírase unha fotografía de tipo panorámica dende a beirarrúa de enfronte.
- b) incluíranse fotografías dos sinais que permitirán a lectura clara do cartel colocado nelas.
- c) incluíranse fotografías dos vehículos estacionados que permitirán a lectura das placas de matrícula. Cando na zona autorizada se atopase algún contedor debidamente autorizado poderá ocuparse a zona inmediata sempre que se cumpran os requisitos indicados anteriormente e remítase a fotografía que o acredite nos términos indicados.

5. Nos casos nos que a ocupación afecte a carril de circulación, o titular da autorización deberá:

- a) Sinalizar a ordenación resultante, o estreitamento de carrís e a redución da velocidade, de modo que quede garantida a seguridade do tráfico de vehículos.
- b) Protexer a zona para ocupar mediante elementos de balizamento ou valos.
- c) Requirir a presenza de sinalistas, nos casos previstos na autorización.

6. Cando a ocupación implique o corte de rúa, será obrigatorio sinalizar os desvíos alternativos mediante o emprego da sinalización provisional correspondente, requirindo, no seu caso, a presenza de sinalistas.

7. Se a ocupación afecta á beirarrúa deberase garantir un itinerario peonil accesible de polo menos 1,8 metros de anchura. Cando iso non sexa posible, poderá habilitarse, excepcionalmente e segundo as circunstancias concorrentes en cada caso, un corredor peonil en calzada debidamente protexido e balizado, un paso de peóns provisional ou o establecemento dun itinerario alternativo debidamente indicado.

8. Cando a ocupación afecte á funcionalidade dalgunha parada de transporte público regular de viaxeiros de uso xeral, estación do sistema de bicicleta pública, servizo de arrendamento público de bicicletas de titularidade municipal, a persoa interesada deberá comunicalo ao operador do transporte cunha antelación mínima de 72 horas, excluíndo os sábados, domingos e festivos, para que poidan adoptarse as medidas oportunas.

9. A persoa que solicite a ocupación obrígase a asumir o pago dos custos económicos que esta supoña aos servizos municipais, a través dos correspondentes tributos ou prezos públicos, o aboamento aos citados operadores dos custos que estes lle acrediten, e finalmente á reversión de todos os elementos modificados á situación anterior á ocupación salvo que se estableza indicación expresa en contrario na propia autorización.

10. Non se poderá proceder á ocupación sen que se cumpran os criterios de instalación dos sinais que en cada caso correspondan.

11. A autorización de ocupación obrará en poder da persoa responsable da ocupación e no lugar onde esta se realice, debéndose exhibir a requirimento da autoridade municipal ou dos axentes da Policía local, admitíndose, na súa substitución, copia que incorpore un código QR ou outra referencia que facilite a comprobación electrónica por calquera persoa da autenticidade e características da autorización outorgada a través da sede electrónica do Concello.

CAPÍTULO IV – Reservas

Artigo 72. Definicións.

Para os efectos desta ordenanza, entenderase por reserva de estacionamento: aquela parte da vía ou espazo público habilitada para a parada ou estacionamento dos vehículos autorizados, delimitada de forma permanente, mediante o emprego da sinalización fixa establecida para o efecto.

As reservas de estacionamento situaranse en zonas de estacionamento permitido, en liña, en batería ou en semibatería oblicua, e poderán incluír limitacións horarias, especialmente en zonas de estacionamento regulado.

Non se consideran reservas de estacionamento:

- a) as zonas de seguridade por constituír prohibicións específicas de estacionamento,
- b) as prohibicións de parada ou estacionamento que se establezan por razón da celebración de festividades, actos culturais, deportivos ou recreativos.

Artigo 73. Clasificación das reservas de estacionamento.

As reservas de estacionamento para a parada ou estacionamento de vehículos a que se refire esta ordenanza clasifícanse en dotacionais e non dotacionais:

a) Considéranse de carácter dotacional as reservas que se establezan por razóns de interese público e en beneficio xeral para o seu uso por quen reúna os requisitos establecidos para cada unha delas na presente ordenanza e demais normativa sectorial que resulte de aplicación. Segundo o servizo a que estean destinados poden distinguirse as seguintes:

1. Vehículos para persoas con mobilidade reducida.
2. Autotaxis.
3. Ciclomotores e motocicletas homologados como vehículos de dúas rodas, vehículos de tres rodas asimilados a motocicletas pola normativa aplicable e vehículos de mobilidade persoal.
4. Carga e descarga.
5. Vehículos destinados ao transporte regular de viaxeiros de uso xeral ou de uso especial.
7. Vehículos destinados ao transporte colectivo discrecional de viaxeiros.
8. Servizos de interese municipal.
9. Recarga de vehículos eléctricos.
10. Bicicletas.

b) Considéranse non dotacionais as reservas que se establezan en beneficio particular e a petición de quen tivese interese. Segundo a entidade ou actividade para a que se solicite a reserva poden distinguirse as seguintes:

1. Organismos públicos.
2. Centros sanitarios ou asistenciais.
3. Establecementos hostaleiros.
4. Actividades singulares.
5. Terrazas ao aire libre

Artigo 74. Réxime de establecemento e uso.

1. Todas as reservas de estacionamento requirirán, para o seu establecemento, autorización do órgano competente. As reservas de estacionamento non dotacionais autorizaranse, no seu caso, previa solicitude da persoa interesada.

2. As reservas de carácter non dotacional nas que conforme ao establecido na presente ordenanza, non estea permitido o estacionamento de vehículos privados do persoal ao servizo das entidades solicitantes, poderán ser revogadas cando se acredite o incumprimento da citada condición mediante denuncia de axente da autoridade.

3. O Concello poderá establecer reservas de estacionamento de carácter dotacional de acordo cos criterios e condicións específicas establecidas para cada unha delas na presente ordenanza e demais normativa sectorial de aplicación.

4. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse a solicitude de quen tivese interese, reservas dotacionais de espazo a favor de vehículos para persoas con mobilidade reducida e para vehículos destinados ao transporte regular de viaxeiros de uso especial. Para estes efectos terán a condición de interesados, respectivamente, quen fose titular de tarxeta de estacionamento para persoa con mobilidade reducida e as entidades xestoras ou prestadoras do transporte regular de viaxeiros de uso especial.

5. O uso das reservas de estacionamento requirirá, nos casos expresamente previstos na presente ordenanza, da correspondente autorización para estacionar, denominada tarxeta de estacionamento, documento sen a cal non se poderá facer uso destas aínda que estean sinalizadas.

6. As reservas reguladas nesta ordenanza terán carácter discrecional, e non xerará dereito subxectivo ningún a favor do seu titular, debendo considerarse as condicións xerais reguladas na lexislación sobre patrimonio das Administracións públicas e aquelas outras especiais propias da natureza da reserva ou ocupación.

7. O establecemento de reservas dotacionais ou non dotacionais non comprendidas en ningunha das categorías indicadas nos apartados a) e b) do artigo anterior requirirá de informe previo do órgano competente, que terá carácter vinculante.

Artigo 75. Réxime de extinción e revogación das autorizacións de estacionamento.

1. As autorizacións extinguíranse cando se acredite o incumprimento das condicións establecidas na presente ordenanza ou na autorización. Así mesmo, de conformidade coa lexislación sobre patrimonio das Administracións públicas, as autorizacións extinguíranse pola falta de pago da Taxa pola utilización privativa do aproveitamento especial do dominio público local.

2. As autorizacións poderán revogarse en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con

posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

Artigo 76. Modificación e supresión.

1. O órgano competente poderá acordar a modificación ou supresión das reservas cando se adopten novos criterios de apreciación, concorran motivos de excepcional interese xeral debidamente xustificado, prodúzanse circunstancias de mobilidade, fluidez do tráfico ou seguridade viaria que o xustifiquen ou se utilicen con fins distintos para os cales foron establecidas.

2. Os interesados no establecemento de reservas poderán solicitar, en calquera momento, a súa modificación, xa sexa a súa ampliación ou redución na dimensión, número de prazas ou horario, así coma a supresión desta.

A solicitude de modificación considerárase para estes efectos como unha nova solicitude suxeita ao procedemento xeral descrito e acompañada, no seu caso, da documentación específica esixida para cada unha delas na presente ordenanza.

Artigo 77. Sinalización das reservas de estacionamento.

Todas as reservas de estacionamento, tanto de carácter dotacional como non dotacional, e sen prexuízo das particularidades establecidas nesta ordenanza para algunhas delas, deberán estar identificadas mediante o uso da correspondente sinalización, de acordo cos seguintes criterios:

- a) As reservas de estacionamento identificaranse mediante o emprego da sinalización vertical fixa que corresponda, das previstas no Regulamento xeral de circulación, podendo establecerse mediante panel complementario aquelas limitacións horarias ou por tipo de vehículo a que, no seu caso, poida estar suxeita a reserva.
- b) Os sinais identificativos das reservas de estacionamento serán colocadas, conservadas e retiradas por conta do titular da autorización da ocupación. Nas reservas dotacionais a Administración municipal será o titular da autorización da ocupación, mentres que nas reservas non dotacionais o titular da autorización será o solicitante a favor de quen se lle outorga.
- c) Con carácter xeral, non está permitida a identificación do espazo reservado mediante o emprego de sinalización circunstancial como conos, bolardos, fitos, balizas ou calquera outro elemento de protección ou sinalización, agás as excepcións expresamente

previstas na presente ordenanza ou na normativa aplicable en cada caso e mediante o emprego dos elementos normalizados polos distintos departamentos municipais.

Cabe a posibilidade de que o propio Concello alugue os elementos necesarios para sinalizar as zonas obxecto de reserva, previo pago do correspondente prezo público establecido na ordenanza fiscal correspondente.

SECCIÓN 1ª. Reservas de carácter dotacional

Artigo 78. Reservas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida.

1.As reservas de estacionamento para vehículos de persoas con mobilidade reducida teñen por obxecto facilitar a parada e o estacionamento de vehículos, así como mellorar as condicións de desprazamento destas persoas en transporte privado, como unha garantía de mellora da súa mobilidade.

2. Estas reservas non son de uso privativo, podendo ser utilizadas por calquera persoa que sexa titular dunha tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida expedida pola Administración competente. Non obstante, en circunstancias excepcionais que así o aconsellen poderanse sinalizar para un usuario determinado.

3. Con carácter xeral estas zonas non teñen limitación horaria ningunha, pero dependendo das circunstancias que concorran en cada zona onde se atope esta reserva poderán conter cunha limitación horaria concreta.

4. As zonas do núcleo urbano que teñen a condición de centro de actividade en virtude do disposto no artigo 5 do Real Decreto 1056/2014, do 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade relaciónanse **no Anexo IV da presente ordenanza.**

Artigo 79. Procedemento.

1. Cando quen solicite o establecemento da reserva de estacionamento sexa titular dunha tarxeta de estacionamento para persoa con mobilidade reducida, será necesaria a presentación, electrónica, da seguinte documentación:

- a) Solicitude na que se especificase a localización exacta con indicación da rúa e número, así como o número de prazas.
- b) Plano de situación onde se indique o emprazamento exacto.
- c) Tarxeta de estacionamento da que sexa titular, cando non fose emitida polo Concello de Ferrol.

d) Cando se solicite nun lugar próximo ao centro de traballo da persoa con mobilidade reducida, declaración responsable de que o lugar onde solicita a reserva está próximo ao seu centro de traballo e o horario laboral.

2. En todo caso, o establecemento destas reservas efectuarase en función da demanda, dotación e uso potencial, tralo análise previo das circunstancias particulares de cada zona ou emprazamento concreto.

Artigo 80. Disposicións técnicas.

1. No establecemento das reservas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, terase en consideración, ademais das disposicións xerais establecidas nesta ordenanza, aquelas outras de natureza técnica que se recollen a continuación:

a) Emprazamento. Estas reservas disporanse o máis preto posible dos accesos peonís ou, no seu caso, do inmovible de destino, considerando a dimensión, visibilidade, facilidade de manobra e demais circunstancias que concorran, segundo o informe técnico que se elabore para o efecto.

b) Dimensións da reserva. As reservas terán as dimensións que se especifica na normativa técnica de aplicación.

c) Número de prazas. Sen prexuízo de casos excepcionais debidamente acreditados, teranse en conta as seguintes limitacións:

1. o rateo 1/40 ou fracción (1 praza para persoas con discapacidade por cada 40 prazas ordinarias).
2. A existencia ou non dunha praza para persoas con discapacidade nun radio de 50 metros.

d) Limitacións horarias. Con carácter xeral, as reservas terán carácter permanente. Non obstante o anterior, poderán incluír limitacións horarias cando ase establezan nas proximidades do centro de traballo do titular da tarxeta de estacionamento ou se atopen afectas ao uso dun servizo público ou actividade comercial.

2. Calquera outras especificacións técnicas relacionadas coa sinalización, dimensións, deseño e trazado dos espazos da vía pública reservados rexeranse polo disposto na lexislación sobre promoción da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e demais normativa que resulte de aplicación.

Artigo 81. Reservas para servizos de interese municipal.

O obxecto destas reservas é habilitar espazos na vía pública que faciliten a parada e o estacionamento dos vehículos que, por razóns de interese público e en beneficio xeral, dedícanse ao desenvolvemento de actividades e a prestar servizos de interese municipal, entendéndose por tales as indicadas no artigo seguinte.

Artigo 82. Uso das reservas.

1. A utilización das reservas estará limitada ao desenvolvemento das actividades e servizos de interese municipal que se indican de seguido:

- a) A prestación dun servizo ou a realización dunha actividade de interese municipal tales como as establecidas transporte urbano de mercadorías, carga e descarga, vehículos eléctricos, xestión administrativa e aqueloutras de natureza similar que se establezan en beneficio do municipio.
- b) O desenvolvemento de actividades de xestión e inspección propias dos centros municipais oficiais.

2. Cando se trate de vehículos destinados á realización das actividades contempladas na letra b) do apartado primeiro, será preceptiva a correspondente tarxeta de estacionamento, documento sen a cal non poderá facerse uso da mencionada reserva aínda que estea sinalizada.

As tarxetas de estacionamento para centros municipais oficiais serán outorgadas polo órgano competente, unha vez se autorice o establecemento da reserva, constando en todo caso como titulares delas os centros a cuxo favor se expidan e deberán ser colocadas no interior do vehículo de forma totalmente visible.

Artigo 83. Disposicións técnicas e sinalización.

No establecemento destas reservas de estacionamento, teranse en consideración, ademais das disposicións xerais establecidas nesta ordenanza, aqueloutras de natureza técnica que se recollen a continuación:

- a) Dimensións da reserva. O número de prazas de estacionamento destinadas a esta reserva determinarase en función da natureza do servizo para prestar ou das necesidades de xestión e inspección do centro municipal.
- b) Limitacións horarias. A utilización da reserva está suxeita a aquelas limitacións temporais que veñan determinadas pola natureza dos servizos para prestar ou polas necesidades do centro municipal.

O establecemento destas reservas de estacionamento requirirá da colocación de sinalización vertical, sen prexuízo de sinalización horizontal para facilitar a súa identificación.

SECCIÓN 2ª. Reservas de carácter non dotacional

Artigo 84. Reservas para organismos públicos.

O obxecto destas reservas é habilitar na vía pública espazos diante das sedes de organismos públicos que faciliten a parada e o estacionamento de vehículos pertencentes á Unión Europea, Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais con oficina no termo municipal de Ferrol, sen que en ningún caso poida utilizarse por vehículos privados do persoal ao servizo de tales entidades.

Artigo 85. Documentación.

Para tramitar as autorizacións de establecemento destas reservas de estacionamento cómpre presentar a solicitude, no formato e a través do sistema que o Concello estableza, achegando en todo caso ao formulario que se determine a seguinte documentación:

- a) Solicitude en modelo oficial debidamente cumprimentada, na que se especifique a situación exacta con indicación da rúa e número, dimensións expresadas en metros lineais, números de prazas e horario da reserva.
- b) Acreditar o pagamento das taxas que, no seu caso, corresponda abonar relacionadas co documento administrativo autorizante.
- c) Declaración responsable de que non dispón de espazo suficiente no interior da correspondente sede para estacionamento oficial.
- d) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de que coñece as condicións de uso destas reservas, especialmente a obriga de utilizala exclusivamente con vehículos debidamente acreditados mediante a tarxeta municipal que se expedirá para o efecto.

Artigo 86. Disposicións técnicas.

No establecemento das reservas de estacionamento para organismos públicos, terase en consideración, ademais das disposicións xerais establecidas nesta ordenanza, aquelas outras de natureza técnica que se recollen de seguido:

- a) Emprazamento da reserva. Estas reservas situaranse en zonas de estacionamento permitido o máis preto posible do centro oficial correspondente.

b) Dimensións da reserva. O espazo obxecto de reserva non poderá exceder do equivalente a dúas prazas de estacionamento por cada organismo oficial, salvo petición debidamente xustificada e apreciada polos servizos competentes.

c) Limitacións horarias. O uso destas reservas de estacionamento poderá ser autorizada con carácter permanente ou estar limitada para días e horarios que se determine na autorización.

Artigo 87. Uso.

1. Os organismos públicos a quen se lle outorgue a pertinente autorización de establecemento serán os beneficiarios das reservas de estacionamento.

Unha vez se autorice o establecemento da reserva, o organismo público deberá solicitar a tarxeta de estacionamento mediante solicitude electrónica, no formato e a través do sistema que o Concello estableza, dirixida ao órgano competente e acompañando copia da autorización de establecemento.

A tarxeta de estacionamento se expedirá a favor do titular da autorización de establecemento da reserva, e, deberá ser colocada no interior do vehículo, de forma totalmente visible.

2. As reservas de estacionamento só poderán ser utilizadas polos vehículos que contén coa correspondente tarxeta de estacionamento, documento sen a cal non poderán facer uso da mencionada reserva.

Artigo 88. Reservas para centros sanitarios ou asistenciais.

O obxecto destas reservas é habilitar na vía pública espazos que faciliten, diante dos centros sanitarios ou asistenciais, públicos ou privados, a parada e o estacionamento dos vehículos, do propio centro ou alleos ao mesmo, destinados profesionalmente a proporcionar o desprazamento e traslado de pacientes, enfermos e persoas asistidas, e, sen que en ningún caso poida utilizarse por vehículos privados do persoal ao servizo de tales entidades ou por vehículos privados das persoas que acoden aos devanditos centros ou reciben asistencia neles.

Artigo 89. Documentación.

Poderán solicitar a autorización de estacionamento os titulares das actividades sanitarias ou asistenciais. Para tramitar as autorizacións de establecemento destas reservas de estacionamento, o solicitante deberá presentar, no formato e a través do sistema que o Concello estableza, a seguinte documentación:

- a) Solicitude en modelo oficial debidamente cumprimentado, na que se especifique a localización con indicación da rúa e número, dimensións expresadas en metros lineais, número de prazas e horario da reserva.
- b) Acreditar o pagamento das taxas que, no seu caso, corresponda abonar relacionadas co documento administrativo autorizante.
- c) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de que non conta con espazo suficiente dentro do seu recinto para efectuar o estacionamento
- d) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de que coñece as condicións de uso destas reservas, especialmente a obriga de utilizala exclusivamente con vehículos do propio centro ou alleos ao mesmo destinados a proporcionar o desprazamento e traslado de pacientes, enfermos e persoas asistidas e non por vehículos privados do persoal ao servizo de tales entidades nin por vehículos das persoas que acoden aos devanditos centros ou reciben asistencia neles.

Artigo 90. Disposicións técnicas.

No establecemento das reservas de estacionamento para centros sanitarios ou asistenciais, terase en consideración, ademais das disposicións xerais establecidas nesta ordenanza, aquelas outras de natureza técnica que se recollen de seguido:

- a) Emprazamento da reserva. Estas reservas situaranse en zonas de estacionamento permitido o máis preto posible do centro solicitante.
- b) Dimensións da reserva. O espazo obxecto de reserva non poderá exceder do equivalente a dúas prazas de estacionamento por cada organismo oficial, salvo petición debidamente xustificada e apreciada polos servizos competentes.
- c) Limitacións horarias. O uso destas reservas de estacionamento poderá ser autorizada con carácter permanente ou estar limitada para días e horarios que se determine na autorización.

Artigo 91. Uso.

1. Os centros sanitarios ou asistenciais a quen se lle outorgue a pertinente autorización de establecemento serán os beneficiarios das reservas de estacionamento.

Unha vez se autorice o establecemento da reserva, o centro sanitario ou asistenciais deberá solicitar a tarxeta de estacionamento mediante solicitude electrónica, no formato e a través do

sistema que o Concello estableza, dirixida ao órgano competente e acompañando copia da autorización de establecemento.

A tarxeta de estacionamento se expedirá a favor do titular da autorización de establecemento da reserva, e, deberá ser colocada no interior do vehículo, de forma totalmente visible.

2. As reservas de estacionamento só poderán ser utilizadas polos vehículos que contén coa correspondente tarxeta de estacionamento, documento sen a cal non poderán facer uso da mencionada reserva.

Artigo 92. Reserva para establecementos hostaleiros.

O obxecto destas reservas é habilitar na vía pública espazos que faciliten, diante dos establecementos hostaleiros, a parada e o estacionamento dos vehículos, polo tempo indispensable para as operacións de subida e baixada de hóspedes, sempre que quen conduza estea presente, e de vehículos comerciais e industriais para operacións de carga e descarga de mercadorías ao servizo da dita actividade, sen que en ningún caso poida empregarse por vehículos privados do persoal ao servizo do solicitante.

Artigo 93. Documentación.

Poderán solicitar a autorización de estacionamento os titulares das actividades hostaleiras para as que se necesite a reserva. Para tramitar as autorizacións de establecemento destas reservas de estacionamento, o solicitante deberá presentar, no formato e a través do sistema que o Concello estableza, a seguinte documentación:

- a) Solicitud en modelo oficial debidamente cumprimentado, na que se especifique a localización con indicación da rúa e número, dimensións expresadas en metros lineais, número de prazas e horario da reserva.
- b) Acreditar o pagamento das taxas que, no seu caso, corresponda abonar relacionadas co documento administrativo autorizante.
- c) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de que non conta con espazo suficiente dentro do seu recinto para efectuar o estacionamento
- d) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de que coñece as condicións de uso destas reservas, especialmente a obriga de utilizala exclusivamente con vehículos durante as operacións de subida e baixada de viaxeiros, así como de carga e descarga de mercadorías ao servizo do establecemento.

Artigo 94. Disposicións técnicas.

No establecemento das reservas de estacionamento para establecementos de hostalería, terase en consideración, ademais das disposicións xerais establecidas nesta ordenanza, aquelas de natureza técnica que se recollen de seguido:

- a) Emprazamento da reserva. Estas reservas situaranse en zonas de estacionamento permitido o máis preto posible do establecemento solicitante.
- b) Dimensións da reserva. O espazo obxecto de reserva para cada establecemento hostaleiro determinarase en función das súas necesidades e a demanda de estacionamento da zona, e non poderá exceder do equivalente a unha praza de estacionamento por cada 50 habitacións ou fracción superior a 25, agás petición debidamente xustificada e apreciada polos servizos competentes.
- c) Limitacións horarias. Estas reservas autorizaranse con carácter permanente para tódolos días da semana

Artigo 95. Uso.

1. Os establecementos de hostalería a quen se lle outorgue a pertinente autorización de establecemento serán os beneficiarios das reservas de estacionamento.

Unha vez se autorice o establecemento da reserva, o establecemento hostaleiro deberá solicitar a tarxeta de estacionamento mediante solicitude electrónica, no formato e a través do sistema que o Concello estableza, dirixida ao órgano competente e acompañando copia da autorización de establecemento.

A tarxeta de estacionamento se expedirá a favor do titular da autorización de establecemento da reserva, e, deberá ser colocada no interior do vehículo, de forma totalmente visible.

2. As reservas de estacionamento só poderán ser utilizadas polos vehículos que contén coa correspondente tarxeta de estacionamento, documento sen a cal non poderán facer uso da mencionada reserva.

3. En supostos concretos, nas reservas de estacionamento para carga e descarga de mercadorías poderá habilitarse o seu uso para a subida e baixada de viaxeiros diante dun establecemento hostaleiro, considerándose a estes efectos como reserva dotacional.

Artigo 96. Reservas para centros ou actividades singulares.

O obxecto destas reservas é habilitar na vía pública espazos que faciliten, a parada e o estacionamento dos vehículos, na contorna dos centros deportivos, culturais ou destinados a

espectáculos públicos, así coma tamén diante dos mercados ou outros centros ou actividades singulares.

Artigo 97. Documentación.

Poderán solicitar a autorización de estacionamento os titulares destes centros ou actividades que necesiten a reserva. Para tramitar as autorizacións de establecemento destas reservas de estacionamento, o solicitante deberá presentar, no formato e a través do sistema que o Concello estableza, a seguinte documentación:

- a) Solicitud en modelo oficial debidamente cumprimentado, na que se especifique a localización con indicación da rúa e número, dimensións expresadas en metros lineais, número de prazas e horario da reserva.
- b) Acreditar o pagamento das taxas que, no seu caso, corresponda abonar relacionadas co documento administrativo autorizante.
- c) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de que non conta con espazo suficiente dentro do seu recinto para efectuar o estacionamento
- d) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de que coñece as condicións de uso destas reservas, especialmente a obriga de utilizala exclusivamente con vehículos durante as acreditados mediante a tarxeta municipal que se expedirá para o efecto.

Artigo 98. Disposicións técnicas.

No establecemento das reservas de estacionamento para centros e actividades singulares, terase en consideración, ademais das disposicións xerais establecidas nesta ordenanza, aquelas outras de natureza técnica que se recollen de seguido:

- a) Emprazamento da reserva. Habilitarase segundo se estableza nos correspondentes informes técnicos que valorarán a afección á mobilidade e ao estacionamento da zona nos días e nas horas nos que se desenvolva esa actividade.
- b) Dimensións da reserva. O espazo determinarase en función das necesidades e a demanda do estacionamento da zona.
- c) Limitacións horarias. O uso destas reservas limitarase aos días e ás horas de celebración do espectáculo, da actividade ou do funcionamento da actividade de que se trate, indicada expresamente na sinalización vertical correspondente.

Artigo 99. Uso.

1. Os beneficiarios das reservas de estacionamento unha vez se lle autorice o establecemento da reserva, deberán solicitar a tarxeta de estacionamento mediante solicitude electrónica, no formato e a través do sistema que o Concello estableza, dirixida ao órgano competente e acompañando copia da autorización de establecemento.

A tarxeta de estacionamento se expedirá a favor do titular da autorización de establecemento da reserva, e, deberá ser colocada no interior do vehículo, de forma totalmente visible.

2. As reservas de estacionamento só poderán ser utilizadas polos vehículos que contén coa correspondente tarxeta de estacionamento, documento sen a cal non poderán facer uso da mencionada reserva.

Artigo 100. Instalación de terrazas en vía pública.

De acordo co disposto na Ordenanza reguladora das terrazas de establecementos poderase autorizar a instalación de elementos móbiles (terrazas sen pechamento estable) ou de estruturas permanentes (terrazas con pechamento estable), tanto na beirarrúa coma na beiravía ou na banda lonxitudinal da calzada dedicada ao estacionamento.

A instalación destes elementos debe contar con licenza previa, outorgada polo órgano competente da área de Urbanismo, en cuxo expediente debe constar un informe favorable do órgano competente en materia de tráfico reflectido nesta ordenanza.

Artigo 101. Disposicións técnicas.

No establecemento de terrazas con pechamento establece nas zonas dedicadas a estacionamento, terase en consideración, ademais das disposicións xerais establecidas nesta ordenanza, aquelas outras de natureza técnica que se recollen de seguido:

- a) Se o estacionamento de vehículos realízase en liña, a terraza non deberá ocupar un espazo superior aos 9 metros ou o equivalente a dúas prazas.
- b) Se o estacionamento de vehículos realízase en batería, a terraza non deberá ocupar un espazo superior aos 5 metros ou o equivalente a dúas prazas.
- c) Nos dous casos anteriores, gardarase unha distancia mínima da liña de borde da calzada, que será de 20 cm na “Zona 20”, de 30 cm na “Zona 30 e de 50 cm na “Zona 50”.
- d) A terraza disporá de elementos físicos de protección suficientes para illar aos usuarios da terraza do resto de usuarios da vía. Estes elementos deberán ser perfectamente visible, tanto de día coma de noite, e cumprir co disposto na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, sobre a sinalización de obstáculos na vía.

- e) Os elementos da terraza tales como parapetos, paraois e demais, non poderán ocultar nin afectar á visibilidade dos sinais de tráfico. Tampouco afectarán á visibilidade en intersección ou pasos de peóns, debendo deixar con respecto destes unha distancia mínima de 5 m libre de obstáculos .
- f) Non está permitida a instalación de iluminación que puidera confundir aos usuarios da vía con sinais semaforicas.

En todo caso terase en conta á hora de informar sobre este tipo de ocupación viaria a densidade do tráfico rodado da vía e a súa velocidade.

TITULO SÉTIMO

DO RÉXIME SANCIONADOR. DAS MEDIDAS PROVISIONAIS

CAPÍTULO I – Réxime sancionador

Artigo 102.- Disposicións xerais

1. As accións ou omisións contrarias a esta ordenanza terán o carácter de infraccións administrativas e serán sancionadas nos termos previstos na propia ordenanza e na lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria vixente nese momento.
2. Cando as accións ou omisións poidan ser constitutivas de delitos tipificados nas leis penais, estarase ao disposto na lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
3. As infraccións a esta ordenanza cualificaranse en leves, graves e moi graves, de acordo co disposto no artigo seguinte
4. Ao incumprimento das obrigacións, prohibicións ou medidas establecidas especificamente para os vehículos a motor por motivos ambientais, na lexislación estatal, na lexislación autonómica ou nas normas municipais, relativas á calidade do aire e protección da atmosfera, sempre que se trate de condutas que non afecten á seguridade viaria nin á ordenación do tráfico, e tipificadas neste capítulo, lles será de aplicación o réxime sancionador previsto na Lei 34/2007, do 15 de novembro, de Calidade do Aire e Protección da Atmosfera.

5. As infraccións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións contidos nesta ordenanza, distintas das anteriores, tipificadas no presente Título, regularanse e sancionaranse conforme ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

6. Ás infraccións derivadas do incumprimento das obrigacións ou prohibicións establecidas nesta ordenanza en relación cos bens afectos aos servizos públicos municipais relacionados coa mobilidade, tipificadas nesta ordenanza, lles será de aplicación o réxime sancionador establecido na Lei 33/2003, de 3 novembro, do Patrimonio das administracións públicas, agás que se trate de condutas que afecten á seguridade viaria ou á ordenación do tráfico, nese caso lles será de aplicación o establecido no punto 1 deste artigo.

Artigo 103.- Infraccións

Sen prexuízo do que dispón a Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, considéranse infraccións ao disposto nesta ordenanza, as seguintes:

1. En particular constitúe infracción leve:
 - a) exceder do tempo de estacionamento autorizado nunha zona limitada.
 - b) Estacionar fóra do perímetro sinalado na calzada como praza de estacionamento limitado non permitindo a mellor utilización do espazo de rotación dispoñible. Enténdese tamén que non se fai unha uso correcto cando un vehículo estaciona en parte de dous espazos sinalizados, impedindo o seu uso a outros.

2. En particular constitúe infracción grave:
 - a) Estacionar en zona de residente carecendo de tarxeta de residente ou esta non ser válida
 - b) Estacionar en prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida sen tarxeta á vista ou esta non ser válida, ben por estar caducada, ben por non cumprir cos requisitos legais. Non se considerará infracción o estacionamento coa tarxeta caducada se se ten solicitada a súa renovación e sempre que o solicitante cumpra cos requisitos esixidos para mantela.
 - c) Os actos de deterioración das bicicletas, instalacións e demais elementos afectos á prestación do servizo público municipal de aluguer de bicicletas, que dificulten o normal funcionamento do citado servizo público durante polo menos vinte e catro horas.
 - d) Utilizar a tarxeta de residente fraudulentamente. Considerarase uso fraudulento, entre outros, o emprego da tarxeta unha vez transferida a propiedade do vehículo ó que estaba adscrita ou cando desapareceron as causas requiridas para o seu outorgamento.

- e) A pernocta nun vehículo incumprindo o disposto no artigo 58 desta ordenanza.
- f) Non devolver a tarxeta de residente cando desaparezan as causas que motivaron o seu outorgamento.
- g) Os estacionamentos prohibidos recollidos no artigo 58 desta ordenanza.
- h) As accións ou omisións que contraveñan as condicións de uso e aproveitamento do dominio público local determinadas na autorización e, no seu caso, no acordo de establecemento da reserva.
- i) Non solicitar a supresión da reserva cando desaparezan as circunstancias ou condicións que deron lugar ao seu establecemento.
- j) A ocultación, manipulación ou falsidade dos datos ou da documentación achegada para a obtención da autorización.
- k) A negativa para facilitar á Administración os datos que sexan requiridos por esta, así como obstaculizar o labor inspector.
- l) A cesión das tarxetas ou autorizacións previstas na presente ordenanza a persoa distinta ao titular.
- m) O incumprimento da obriga de comunicar, no prazo de 15 días, calquera modificación das condicións exixidas para ser beneficiario da tarxeta, que impidise a súa obtención.
- n) Non facer entrega da tarxeta ou autorización cando lle sexa requirido pola autoridade competente.
- ñ) Desenvolver as actividades prohibidas recollidas nos apartados 6 e 7 do artigo 18 desta ordenanza.

3. Consideraranse infraccións moi graves, as seguintes:

- a) A sinalización, ocupación ou calquera outra utilización do dominio público para o seu aproveitamento conforme ao disposto nesta ordenanza sen que fose concedida a autorización ou establecida a reserva correspondente.
- b) A modificación, sen autorización, das condicións físicas da reserva ou ocupación, cando diso derívese unha deterioración grave ao dominio público municipal.
- c) A realización de calquera outros actos que supoñan unha deterioración grave e relevante dos espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmobles, ou impidan ou dificulten o seu uso por outras persoas ou vehículos.
- d) A utilización das tarxetas e/ou autorizacións reguladas na presente ordenanza manipuladas ou falsificadas, cando non fose constitutiva de delito.

e) Os actos de deterioración grave e relevante das bicicletas, instalacións e demais elementos afectos á prestación do servizo público municipal de aluguer de bicicletas, que impidan ou dificulten gravemente o funcionamento do citado servizo público, cando non fosen constitutivos de delito.

f) A utilización da tarxeta de estacionamento para persoa de mobilidade reducida sen que vaia no vehículo o seu titular, sen prexuízo de que este comportamento sexa constitutivo de delito.

g) O uso de VMP con fines de explotación comercial, incluídos os destinados a sistemas de vehículo compartido, ou destinados a actividades turísticas, sen autorización municipal para o exercicio da actividade.

Artigo 104.- Sancións

As infraccións anteriores sancionaranse conforme ao establecido na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria. Sen embargo, as infraccións tipificadas no artigo anterior darán lugar a imposición das sancións de acordo co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local:

a) No caso de infraccións moi graves, multa comprendida entre 1.001 e 3.000 € e a retirada temporal da tarxeta de estacionamento para persoas de mobilidade reducida por un período de dous anos.

b) No caso de infraccións graves, multa comprendida entre 101 e 1.000 euros. Poderase impoñer tamén a retirada temporal da tarxeta de estacionamento para persoas de mobilidade reducida por un período dun ano.

c) No caso de infraccións leves, multa de ata 100 euros.

Artigo 105.- Gradación das sancións

Na imposición das sancións previstas no presente Título deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, con consideración dos seguintes criterios para a súa gradación:

a) Os previstos na lexislación sobre tráfico e seguridade viaria.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración na conduta infractora.

c) A natureza das molestias, riscos ou danos causados ás persoas, ao medio ambiente, á seguridade viaria e demais bens, equipamentos, infraestruturas e instalacións de natureza

pública ou afecte a un servizo público do ámbito da mobilidade urbana dos regulados nesta ordenanza.

d) A intensidade da perturbación ocasionada ao funcionamento de calquera dos servizos públicos afectos á mobilidade urbana, regulados nesta ordenanza.

e) A reincidencia na comisión nun ano de, polo menos, dúas infraccións da mesma natureza que fosen declaradas firmes en vía administrativa.

Artigo 106. Concorrencia de sancións.

Cando por uns mesmos feitos e fundamentos xurídico, a persoa infractora puidese ser sancionada conforme a lexislación estatal sobre Tráfico, Circulación de Vehículo a Motor e Seguridade Viaria, esta ou outras ordenanzas e simultaneamente por leis que fosen de aplicación, das posibles sancións se lle imporá a de maior gravidade.

CAPÍTULO II – Outras medidas

Artigo 107.- Multas coercitivas

1. Cando as persoas obrigadas incumpran as ordenes de entrega das tarxetas de estacionamento que outorga esta ordenanza, como consecuencia do acordo de revogación desta ou da súa caducidade, fose previamente ordenada e notificada ao seu titular pola autoridade municipal, poderán impoñerse, previo apercibimento, polo órgano municipal que teña delegada as competencias de xestión do tráfico, multas coercitivas como medio de execución forzosa do devandito acto.

2. As contías das multas coercitivas será de 300€.

3. Se imposta a multa coercitiva a persoa titular da tarxeta persistise no incumprimento da orde de entrega desta, reiterarase a multa coercitiva períodos de quince días ata o cumprimento do ordenado, incrementándose o seu importe respecto da acordada anteriormente, nun 20% cada vez, ata un máximo de 3.000€, cifra que se incrementará anualmente no importe correspondente ao incremento do Índice de Prezos ao Consumo.

4. Igualmente poderanse impoñer multas coercitivas, reiteradas por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprir co ordenado, nos seguintes supostos:

a) Actos persoalísimos nos que non proceda a compulsión directa sobre a persoa do obrigado.

b) Actos en que, procedendo a compulsión, a Administración no a estimara conveniente.

c) Actos cuxa execución puída o obrigado encargar a outra persoa.

A multa coercitiva é independente das sancións que poidan impoñerse con tal carácter e compatible con elas.

CAPÍTULO III – Medidas provisionais

Artigo 108.- Da adopción de medidas provisionais

1. Os axentes da Policía Local encargados da vixilancia do tráfico poderán adoptar, de forma motivada, medidas provisionais de inmovilización ou retirada das vías públicas de calquera tipo de vehículo, incluídos ciclos, bicicletas, ciclomotores e motocicletas así como os de mobilidade persoal regulados nesta ordenanza, por razóns de protección da seguridade viaria, cando, como consecuencia do incumprimento dos preceptos da lexislación específica que lle sexa de aplicación ou da presente ordenanza poida derivarse un risco grave para a circulación, as persoas ou os bens ou, así como por motivos ambientais.

2. A inmovilización dun vehículo na vía pública non poderá superar as 48h, a partir da cal a medida trocarase en retirada e depósito.

2. A adopción de calquera medida provisional prevista na lei, así coma a estancia no Depósito municipal de vehículos xerará as taxas correspondentes previstas na ordenanza fiscal, para cuxo efecto, estas deberán ser satisfeitas antes da devolución do vehículo.

Artigo 109.- Da retirada de vehículos da vía pública

1. Sen prexuízo do disposto na lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, tamén procederá a retirada de vehículos da vía pública, nos seguintes casos:

a) Cando a tranquilidade pública sexa perturbada polo abuso de alarmas ou outros sinais acústicos que infrinxan o disposto na ordenanza ambiental.

b) Cando o vehículo estea estacionado no itinerario ou espazo que ocupará unha delegación, desfile, procesión, cabalgata, evento deportivo ou outra actividade de importancia debidamente autorizada.

c) Cando sexa necesario para a reparación, mantemento ou limpeza da vía pública.

d) Cando estea estacionado entre os sinais temporais de reserva de espazo, sempre que o dito estacionamento se realizase despois da colocación dos mencionados sinais.

- e) Cando un vehículo permaneza estacionado nas situacións previstas no artigo 58 desta ordenanza.
- f) Cando a colocación do vehículo, o tempo ou calquera outra circunstancia faga presumir que directa ou indirectamente se estea levando a cabo un uso ou reserva da vía pública non autorizado para a cal precisaría dun permiso ou licencia.
- g) Cando o VMP estea destinado a actividades de explotación comercial, entre as que se inclúen as actividades turísticas, sen contar coa autorización correspondente para o exercicio da actividade.

2. Nos casos das alíneas c) e d) do apartado anterior, o itinerario ou a zona de estacionamento prohibida deberán estar sinalizados cunha antelación mínima de 24 horas e colocaranse notas de advertencia nos parabrisas dos vehículos afectados. Aqueles vehículos que tiveron que ser retirados situaranse, de ser posible, nun lugar o máis próximo posible, con indicación aos condutores, cando sexa posible, e sen ningunha sanción nin recepción de ningunha cantidade pola transferencia. O disposto nesta sección non se aplicará aos vehículos estacionados despois da colocación dos sinais.

CAPÍTULO IV – Tratamento residual

Artigo 110. Vehículo abandonado

1. O abandono dun vehículo na vía supón un acto limitativo á rotación de espazos obxecto desta ordenanza, así como unha situación de risco para o resto de usuarios da vía pública. É por iso que tomando como referencia o establecido no texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, esta ordenanza considera un vehículo como abandonado:

- a) Nos casos no que o vehículo presente un notable estado de deterioro, ter cristais rotos ou carecer deles, ter as rodas baixas e, en xeral, cando o seu estado impida o uso normal para o que estea destinado o vehículo.
- b) Cando transcorran máis de dous meses desde que o vehículo fose inmovilizado ou retirado da vía pública e trasladado, pola Policía Local ao Depósito municipal de vehículos e o seu titular non formulase alegacións.
- c) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios.

- d) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e lle falten as placas de matrícula
 - e) Cando permanezan amarrados ao mobiliario urbano, árbores e non haxa persoa ningunha que se responsabilice deles.
3. As bicicletas e os VMP regulados nesta ordenanza, terán a consideración de vehículos, de acordo co disposto na lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Artigo 111. Tratamento residual

1. Constatados os tempos e as situacións reflectidas no artigo anterior, requirirase ao titular para que, no prazo dun mes, o retire do lugar onde se atopa (depósito municipal, vía pública, etc.) outorgándolle un prazo de dez días para que formule as alegacións que considere oportunas, e que de non o facer, declarárase residuo sólido urbano e trasladarase a un centro autorizado de tratamento.
2. No caso de bicicletas e VMP transcorrido o prazo de dous meses dende que se constatou o abandono, sen que o seu titular ou persoa debidamente autorizada por este o recollese, procederase conforme o disposto no artigo anterior
3. Se as bicicletas e VMP se atopasen en perfecto estado de uso e conservación, logo de declararse resolución na que se considere residuo sólido urbano, o órgano competente poderá decretar a súa recuperación para actividades municipais ou subscribir convenios con organización non gobernamentais, asociacións con fines sociais, culturais, educativas e sen ánimo de lucro, para a súa cesión gratuíta de acordo co disposto no Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das administracións públicas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

O prazo para a solicitude de tarxetas de estacionamento de residentes, logo da entrada en vigor da Ordenanza, establecerase mediante Decreto do Alcalde ou Concelleiro Delegado competente. No sucesivo estarase ó disposto nesta.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

O ámbito de aplicación desta ordenanza abrangue inicialmente o definido nos seus anexos, sen prexuízo de posteriores modificacións, reducións ou ampliacións que poidan sufrir mediante Decreto do Alcalde ou Concelleiro Delegado competente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

A expedición de tarxetas de estacionamento xerará un taxa que será fixada na Ordenanza fiscal correspondente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA

As disposición técnicas establecidas no artigo 99 non se aplicarán as terrazas instaladas con anterioridade á data de entrada en vigor desta ordenanza.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogadas todas as disposicións municipais de igual ou inferior rango que se opoñan ó disposto nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I

RÚAS PEONÍS

De acordo co establecido no título III desta ordenanza recóllense neste anexo as rúas peonís, tendo en conta que o seu uso queda sometido ás restricións contempladas no devandito título.

No presente Anexo reflíctense as distintas rúas peonís:

1. Rúas peonís todo o día:

1. Rúa María (da praza de España ata a rúa Concepción Arenal)
2. Rúa Galiano
3. Rúa Dolores
4. Rúa Real (dende a praza de España ata a rúa Méndez Núñez)
5. Rúa Magdalena (dende a praza de España ata a rúa A Coruña)
6. Rúa Carme (dende a praza do Callao ata a rúa Pablo Iglesias)
7. Rúa Rubalcava (dende a rúa Magdalena ata a rúa Sol)
8. Rúa Terra ((dende a rúa Sol ata a rúa Magdalena)
9. Rúa Manuel de Cal
10. Rúa Pablo Iglesias
11. Alameda do Cantón
12. Pardo Baixo

2.- Acceso con vehículos ás rúas peonís:

Cando, por razóns de necesidade das persoas residentes así coma para dar servizo ós distintos establecementos situados nas rúas mencionadas no apartado anterior, un vehículo teña que acceder, farao tendo en conta as especificacións contempladas no artigo 40 e seguintes desta ordenanza.

ANEXO II

ZONA AZUL

De acordo co disposto no capítulo I do título V da presente ordenanza recóllense neste anexo as distintas rúas de rotación de estacionamento e con limitación horaria ao que fai referencia o citado capítulo.

Son vías con estacionamento limitado (zona azul) as seguintes:

- a) R/ Sol, dende a r/ Lugo ata a r/ Rubalcava e dende a r/ A Coruña ata a r/ Sánchez Barcaiztegui e dende a r/ M. Núñez ata a r/ Arce
- b) R/ Igrexa, dende a r/ Arce ata a r/ Méndez Núñez, e dende a r/ S. Barcaiztegui ata a r/ A Coruña
- c) R/ A Coruña, dende a r/ Pardiñas ata a r/ Doutor Fleming
- d) R/ A Coruña, dende a r/ Igrexa ata a r/ Irmandiños
- e) Praza de Galicia
- f) R/ Irmandiños, lateral da Igrexa de San Xiao
- g) Parador de Turismo, praza do Contralmirante Azarola Gresillón,
- h) Perímetro interior e exterior da praza de San Amaro
- i) Avda. de Esteiro, dende a r/ Fernando VI ata a rotonda de González Llanos
- j) Avda. de Esteiro, dende a r/ España ata a rúa Zurbarán
- k) Estrada de Castela, dende a r/ Sánchez Calviño ata a r/ Villa Soledad (marxe esquerda); dende a r/ Villa Soledad ata a r/ Perú (marxe dereita); r/ Pintor B. Piñeiro ata a r/ Aviador Piñeiro (marxe esquerda) e dende a r/ República Arxentina ata a r/ Nova de Caranza (marxe dereita)
- l) Perímetro interior da praza de Ultramar, agás o lateral da r/ Venezuela
- m) Estacionamento exterior do CHUF na avenida da Residencia

As limitacións horarias e de uso recóllense no articulado da propia ordenanza. Todas as áreas destinadas a esta tipoloxía de estacionamento rotatorio deberán estar sinalizadas vertical e horizontalmente. Verticalmente mediante o sinal R-309 xunto cun panel que indique as franxas horarias e horizontalmente mediante unha liña lonxitudinal continua de cor azul sobre o bordo da calzada ou da beirarrúa, e descontinua para separala do carril de circulación.



Días laborables
Lunes a viernes:
de 10:00 a 14:00 h- de 16:00 a 20:00 h
Sábados:
de 10:00 a 14:00 h

ANEXO III

ZONA DE PARKING EXPRESS

De acordo co disposto no capítulo I do título V da presente ordenanza recóllense neste anexo as distintas rúas consideradas de alta rotación e con limitación de estacionamento ao que fai referencia devandito capítulo.

Son vías de “ALTA ROTACIÓN DE ESTACIONAMENTO” ou “PARKING EXPRESS” e con limitación horaria, as seguintes:

- a) R/ Sol, dende a r/ Terra ata a r/ A Coruña
- b) R/ Arce, dende a r/ Sol ata a r/ Igrexa
- c) R/ Igrexa, tramo comprendido polas rúas Coruña e Terra
- d) R/ San Amaro, dende a r/ Rochel ata a praza, na marxe esquerda
- e) Avda. de Esteiro, dende a glorieta de González Llanos ata a r/ España (marxe dereita)
- f) R/ Venezuela, lateral da praza de Ultramar

As limitacións horarias e de uso recóllense no articulado da propia ordenanza. Todas as áreas destinadas a esta tipoloxía de estacionamento rotatorio deberán estar sinalizadas vertical e horizontalmente. Verticalmente mediante o sinal que figura a continuación e horizontalmente mediante unha liña lonxitudinal laranxa sobre o bordo da calzada ou da beirarrúa, e amarela e descontinua para separala do carril de circulación.



ANEXO IV

DOS RESIDENTES, AS SÚAS TARXETAS E AS SÚAS ZONAS PARA ESTACIONAR

No capítulo II do título V da presente ordenanza regúlase expresamente o estacionamento en zonas exclusivas para residentes. É por iso que este anexo regula aspectos complementarios tales como os seguintes:

1. Tipos de Tarxeta/distintivo:

Establécense dúas tipoloxías de tarxeta/distintivo de residentes:

a) **residentes por razón de domicilio particular:** persoas con residencia particular nunha vía peonil ás que fai referencia esta ordenanza, autorizadas tanto para o acceso ás citadas rúas coas condicións dispostas no capítulo I do Título III, como para o uso das áreas de estacionamento exclusivo de residentes

b) **residentes por razón de domicilio profesional:** persoas con residencia profesional nunha das rúas peonís ás que fai referencia esta ordenanza e que autoriza unicamente para o acceso ás citadas rúas coas condicións dispostas no capítulo I do Título III.

2. Obtención da tarxeta/distintivo de residente:

a) A concesión da tarxeta/distintivo de estacionamento en espazos para residentes estará suxeita ó cumprimento das seguintes condicións:

1. Estar empadroados nunha rúa peonil ás que fai referencia esta ordenanza ou nas rúas onde se fixe este tipo de estacionamento
2. Ser propietario do vehículo para o cal solicita a tarxeta, ou mediante sistema de arrendamento financeiro (leasing ou renting)
3. Estar ao corrente do pagamento do imposto de vehículos de tracción mecánica neste Concello
4. Non ter pendente de pagamento en vía executiva sancións de circulación co Concello no momento de efectuar a solicitude

b) A solicitude de tarxeta/distintivo de residente farase no prazo fixado mediante presentación de instancia, na que se expresará a matrícula do vehículo e se acompañará dos documentos seguintes:

1. fotocopia do DNI, NIF ou CIF, do seu titular, segundo proceda
2. fotocopia do permiso de circulación no caso de ser propietario ou do contrato de arrendamento de larga duración (leasing ou renting). Fotocopias que deberán ser cotexadas
3. documentación que xustifique a propiedade, aluguer ou calquera outro réxime de uso e desfrute da vivenda, tanto particular como profesional
4. xustificante de ter aboado as taxas correspondentes

c) A entrega da tarxeta/distintivo de estacionamento de residentes, está supeditada ao cumprimento dos requisitos establecidos no apartado a) que serán verificados polos servizos municipais e ao pagamento da taxa que se fixará na ordenanza fiscal correspondente.

d) A tarxeta/distintivo terá un período de vixencia de dous anos, finalizando en todo caso o 31 de decembro.

e) O prazo de renovación da tarxeta/distintivo será do 1 ao 31 de setembro, ambos inclusive. Fóra do devandito prazo, con carácter excepcional, soamente poderán solicitarse tarxetas para novos vehículos domiciliados ou outras causas debidamente xustificadas; deberá entregar, de ser o caso, a tarxeta que o solicitante xa tiver no seu poder.

f) A tarxeta/distintivo deberá ir pegada no ángulo inferior dereito do parabrisas dianteiro do vehículo, visible para a súa comprobación.

g) A tarxeta/distintivo de residentes por razón de domicilio particular non autoriza a estacionar noutras zona de residente distinta da autorizada nin noutras zonas con limitacións de estacionamento.

h) Soamente se outorgarán dúas tarxetas/ distintivos por domicilio, tanto particular coma profesional

i) A tarxeta/ distintivo queda automaticamente invalidada no momento en que se perdan os requisitos que se requiriron para a concesión.

3. Obrigas dos titulares do título habilitante

Os titulares de distintivos de aparcamento para residentes están obrigados a comunicar ao Concello, no prazo de quince días, calquera modificación con respecto á titularidade dos vehículos, residencia do propietario e demais datos e circunstancias tidas en conta. De non se comunicar as modificacións sufridas, o Concello poderá denegar a renovación durante un período máximo ata tres anos, sen prexuízo das sancións que, no seu caso, poderán imporse.

O interesado poderá solicitar un novo distintivo de aparcamento, para o cal, deberá, ademais de cumprir os requisitos e entregar o distintivo antigo.

O Concello poderá comprobar de oficio, en calquera momento, ou requirir ao interesado que acredite, calquera dos requisitos esixidos para a obtención do distintivo de aparcamento.

O uso indebido do distintivo de aparcamento, faculta ao Concello á retirada do mesmo, e a denegar a renovación por un período máximo de tres anos, sen prexuízo das sancións que, no seu caso, puideran imporse, de conformidade co preceptuado no capítulo referido as infraccións e sancións.

4. Zonas de estacionamento exclusivo para residentes por razón de domicilio particular:

a) A división territorial da cidade en barrios orienta a establecer zonas de aplicación concreta do dereito a estacionar aos titulares desta autorización. Deste xeito inicialmente fíxanse as seguintes zonas:

Zona 1	Barrio da Magdalena	Zona 6	Ensanche "A", dende a praza de España ata a praza do Inferniño
Zona 2	Barrio de Ferrol Vello	Zona 7	Ensanche "A", dende a praza do Inferniño ata a rúa Manuel Belando
Zona 3	Barrio de Canido	Zona 8	Barrio de San Xoán
Zona 4	Barrio de Esteiro	Zona 9	Ensanche "B"
Zona 5	Barrio de Recimil	Zona 10	Caranza

b) **Zona 1**, rúas delimitadas:

- a) rúa Sol, tramo comprendido polas Arce e Atocha
- b) rúa María, tramo comprendido polas rúas Concepción Arenal e a r/ Imeldo Corral
- c) rúa Imeldo Corral
- d) praza de Emilio Antón
- e) rúa Gravina
- f) rúa Real, dende o Parador de Turismo ata a r/ Méndez Núñez.
- g) rúa Magdalena, tramo comprendido polas rúas A Coruña e a r/ San Diego.
- h) rúa San Diego
- i) rúa Igrexa, tramo comprendido polas rúas Rubalcava e Carme
- j) praza do Callao
- k) rúa Lugo:
 - tramo comprendido polas rúas San José e Real
 - tramo comprendido polas rúas María e Sol
- l) rúa Carme:
 - tramo comprendido polas rúas Sol e María
 - tramo comprendido polas rúas Real e Igrexa
- m) rúa Concepción Arenal:
 - tramo comprendido polas rúas Igrexa e Real
 - tramo comprendido polas rúas María e Sol
- n) rúa A Coruña:
 - tramo comprendido polas rúas Sol e María
 - tramo comprendido polas rúas Real e Igrexa
- o) rúa Sánchez Barcaiztegui:
 - tramo comprendido polas rúas Sol e María
 - tramo comprendido polas rúas Real e Igrexa
- p) rúa Méndez Núñez:
 - tramo comprendido polas rúas Igrexa e Real
 - tramo comprendido polas rúas Dolores e Sol
- q) rúa San Andrés

r) rúa Pardo Baixo, tramo comprendido polas rúas San José e San Andrés

Todas as áreas destinadas a esta tipoloxía de estacionamento rotatorio deberán estar sinalizadas vertical e horizontalmente. Verticalmente mediante o sinal que figura a continuación e horizontalmente mediante unha liña lonxitudinal continua de cor verde sobre o bordo da calzada ou da beirarrúa, e amarela e descontinua para separala do carril de circulación.

5. Características da tarxeta/distintivo de residentes:

A tarxeta/distintivo de residentes realizarase en material plástico adhesivo con fondo verde, para os residentes por domicilio particular e amarela para os residentes por razón de domicilio fiscal, na que se indicará a matrícula do vehículo autorizado e o ano de vixencia. Así mesmo levará o logotipo oficial do Concello e un código QR que identificará o vehículo e o seu titular.

As dimensións da tarxeta serán 10 cm de longo x 3 cm de largo.

- MODELO DE TARXETA DE RESIDENTE POR RAZÓN DE DOMICILIO PARTICULAR:



- MODELO DE TARXETA DE RESIDENTE POR RAZÓN DE DOMICILIO PROFESIONAL:



As zonas de estacionamento para residentes estarán sinalizadas coa sinalización vertical que se expón a continuación e delimitadas horizontalmente mediante unha liña lonxitudinal continua de cor verde sobre o bordo da calzada ou da beirarrúa, e descontinua para separala do carril de circulación.



ANEXO V

DAS RÚAS RESIDENCIAIS

No Capítulo II do Título III desta ordenanza recóllese esta tipoloxía de rúas, onde existe unha coexistencia no mesmo espazo de peóns, ciclistas e vehículos a motor, fixando un réxime de preferencia dos peóns sobre o resto de usuarios.

Trátase de garantir a seguridade dos máis vulnerables en determinadas rúas da nosa cidade, para as que se establecen as seguintes particularidades:

- Só poderán acceder a estas rúas os vehículos de residentes e aqueles que estean autorizados para realizar tarefas de carga e descarga
- Os vehículos só poderán estacionar nas zonas habilitadas polas marcas viais
- A velocidade máxima autorizada para os vehículos é de 20 km/h
- O peón sempre terá preferencia sobre o resto de usuarios

As vías que se tipifican como residenciais, ás que se lles aplica este réxime son as seguintes:

1. R/ Carme, dende a r/ Sol ata a r/ Igrexa
2. R/ Concepción Arenal, dende a r/ Igrexa ata a r/ Sol
3. R/ A Coruña, dende a r/ Sol ata a r/ Igrexa
4. R/ S. Barcaiztegui, dende a r/ Sol ata a r/ Igrexa
5. R/ M. Núñez, dende a r/ Igrexa ata a r/ Sol
6. R/ Real, dende a r/ Arce ata a r/ M. Núñez

ANEXO VI

DAS AUTORIZACIÓNS MUNICIPAIS DE ESTACIONAMENTO

As autorizacións municipais de estacionamento, que dando desenvolvemento ao artigo 56 desta Ordenanza serán expedidas ben polo Negociado de Seguridade, ben pola Xefatura da Policía Local, habilitarán o estacionamento nos lugares, nos horarios e aos vehículos que nelas se indiquen. A súa vixencia será bianual.

As súas características principais son as seguintes:

1. formato de 12 cm de alto e 17 cm de longo, con fondo branco e bordos en azul
2. logotipo do Área de Seguridade
3. número de tarxeta
4. en cor vermella as zonas onde ten permitido o estacionamento.
 5. a matrícula do vehículo
 6. ano de validez



Poderase substituír este modelo por un por un distintivo en material plástico adhesivo con fondo blanco, na que se indicará o número de tarxeta e o ano de vixencia. Así mesmo levará o logotipo oficial do Concello e un código QR que identificará o vehículo e o seu titular.

As dimensións do distintivo serán 10 cm de longo x 3 cm de largo.



ANEXO VII

DAS TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA e DAS ZONAS DE ACTIVIDADE

1. As autorizacións municipais de estacionamento para persoas con mobilidade reducida serán expedidas polo Negociado de Seguridade de acordo coas especificacións reguladas na normativa que lle sexa de aplicación e dando desenvolvemento ao artigo 56 desta Ordenanza. Para unha maior seguridade poderase incrustar elementos de seguridade.

2. As zonas do núcleo urbano que teñen a condición de centro de actividade en virtude do disposto no artigo 5 do Real Decreto 1056/2014, do 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade relaciónanse de seguido:
 - a. O barrio da Magdalena
 - b. O perímetro delimitado polo campus universitario do barrio de Esteiro.

ANEXO VIII

DAS TARXETAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS CON PERSOAS EN PERÍODO DE XESTACIÓN OU DURANTE O PRIMEIRO ANO DE XACTANCIA.

No capítulo III do título V da presente ordenanza regúlase expresamente o estacionamento en zonas exclusivas para persoas en período de xestación ou para aquelas que transportan menores que non teñan máis de un ano de idade. É por iso que este anexo regula aspectos complementarios tales como os seguintes:

1. Obtención da tarxeta/distintivo:

- a) A concesión desta tarxeta/distintivo de estacionamento é de uso exclusivo nas zonas sinalizadas e delimitadas neste anexo.
- b) Poderán ser destinatarias desta tarxeta/distintivo as persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:
 - a. Estar en posesión dun certificado médico que acredite o seu estado de xestación dende hai máis de tres meses.
 - b. Estar empadroadada ou empadroadado en Ferrol
- c) A tarxeta/distintivo será nominal, non estando vinculada a un vehículo en particular.
- d) A tarxeta/distintivo terá un período de vixencia coma máximo dun ano improrrogable que constará na propia autorización.

2. Obrigas dos titulares do título habilitante

Os titulares de distintivos de aparcamento están obrigados a:

- a) Colocar a tarxeta no ángulo inferior dereito do parabrisas dianteiro do vehículo, visible para a súa comprobación.
- b) Empregala só cando o seu titular é usuario do vehículo
- c) Devolvela cando remate o prazo de concesión

A tarxeta/ distintivo queda automaticamente invalidada no momento en que se perdan os requisitos que se requiriron para a concesión.

O Concello poderá comprobar de oficio, en calquera momento, ou requirir ao interesado que acredite, calquera dos requisitos esixidos para a obtención do distintivo de aparcamento.

O uso indebido do distintivo de aparcamento, faculta ao Concello á súa retirada, sen prexuízo das sancións que, no seu caso, puideran imporse, de conformidade co preceptuado no capítulo referido as infraccións e sancións.

3. Zonas de estacionamento exclusivo:

Para facilitar o desprazamento dos titulares desta tipoloxía de tarxetas habilitaranse zonas concretas de estacionamento o máis preto posible daquelas áreas ou núcleos que se estime necesario.

As zonas de estacionamento estarán sinalizadas coa sinalización vertical que se expón a continuación e delimitadas horizontalmente mediante unha liña lonxitudinal continua de cor malva sobre o bordo da calzada ou da beirarrúa, e descontinua para separala do carril de circulación. A superficie de estacionamento poderá sinalizarse en toda a súa extensión coa mesma cor e co pictograma no seu centro.



4. Características da tarxeta/distintivo de residentes:

A tarxeta de estacionamento axustarase ao modelo do anexo anterior pero poderá ser substituída por un distintivo en material plástico adhesivo con fondo malva, na que se indicará o número de tarxeta e a súa vixencia. Así mesmo levará o logotipo oficial do Concello e un código QR que identificará o seu titular.

- MODELO DE DISTINTIVO:



As dimensións da tarxeta serán 10 cm de longo x 3 cm de largo.

ANEXO IX

DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS E DECLARACIÓNS RESPONSABLES

Os títulos habilitantes, comunicacións previas e declaracións responsables, ás que fai referencia esta ordenanza tramitaranse preferentemente de forma telemática ante o Negociado de Seguridade e Tráfico, agás en caso de urxencia que serán tramitadas ante a Policía Local, de acordo cos modelos que se achegan de seguido.

ANEXO X

DOS VMP DESTINADOS PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES TURÍSTICAS, DE LECER, DE USO COMPARTIDO E DE REPARTICIÓN DE MERCADORÍAS

1. Os VMP destinados a actividades de explotación comercial, incluídos os destinados aos sistemas de vehículo compartido e para as actividades turísticas, requirirán autorización municipal para o exercicio da actividade.
2. Na autorización estableceranse as condicións do exercicio, entre as que figurarán, en todo caso, o percorrido dos roteiros autorizados, o horario e demais condicións e limitacións que se consideren necesarias para garantir a seguridade das persoas usuarias das vías públicas.
3. O aproveitamento especial do dominio público municipal que supón o arrendamento de VMP sen persoa condutora e sen base fixa estará sometido á previa obtención da correspondente autorización demanial, ben concedida directamente ben previa licitación pública, na que se especificarán as condicións de uso do espazo público e do estacionamento destes vehículos, así como á regulación na Ordenanza fiscal correspondente.
4. Os VMP utilizados e destinados para o exercicio destas actividades deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos e prexuízos a terceiros.
6. Os VMP que se utilicen para o exercicio dunha actividade de explotación económica e comercial, han de estar identificados e poderán estar rexistrados no rexistro que corresponda conforme ao que estableza este Concello e, en todo caso, segundo o disposto na normativa vixente de aplicación.
7. Os VMP destinados ao exercicio dunha actividade de explotación económica ou comercial, cando circulen en grupo, entre outras condicións e limitacións establecidas na correspondente autorización municipal, non poderán superar o número de 10 persoas e sempre estarán acompañados por un/a guía e deberán manter unha distancia entre os grupos de máis de 100 m. Ademais, cando circulen en vías ciclistas, non deberán ocupar toda a anchura da vía nin deterse na mesma de maneira que obstrúan ou dificulten a circulación do resto de usuarios.
8. O exercicio da actividade comercial sen a preceptiva autorización municipal facultará aos axentes da autoridade municipal para a retirada dos VMP das vías públicas.